


TRABALLO DE FIN DE GRAO  
GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS  
**CURAS OBREIROS EN GALICIA**  
**(1965-1982)**



**AUTOR:** GABRIEL GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

**TITOR:** JOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ LAGO

**CURSO:** 2018-2019

**CONVOCATORIA:** XULLO



## **RESUMO:**

Este Traballo de Fin de Grao analiza a figura dos curas obreiros en Galicia, concretamente na cidade de Vigo, dende 1965 ata 1982. Nos anos do tardofranquismo e da transición á democracia, algúns curas traballaron nas fábricas e participaron activamente no movemento sindical como parte da súa misión pastoral. A bibliografía, as publicacións da época consultadas e as entrevistas realizadas a catro deles, permiten coñecer a pegada que tivo o seu labor, para eles, para a nosa cidade e para o mundo sindical da Galicia daqueles anos.

## **PALABRAS CHAVE:**

Curas Obreiros / Misión Obreira / Movemento Sindical / Vaticano II / Vigo

## **LISTADO DE ABREVIATURAS:**

- A. G. G.      Antón Gómez González.
- AC            Acción Católica.
- ASCÓN        Astilleros y Construcciones.
- B. S. G.      Benito Santos González.
- CC. OO        Comisiones Obreras.
- CEE           Conferencia Episcopal Española.
- CSG           Confederación Sindical Galega.
- GEA           Grupo de Empresas Álvarez.
- HOAC        Hermandad Obrera de Acción Católica.
- INI            Instituto Nacional de Industria.
- INTG         Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos.
- JOC            Juventud Obrera Cristiana.
- PCE           Partido Comunista de España.
- USO           Unión Sindical Obrera.
- X. A. G. N.   Xosé Antonio Graña Nogueiras.
- X. M. A.      Xulio Montero Álvarez.
- UGT           Unión General de Trabajadores.

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>2. O NACEMENTO DOS CURAS OBREIROS: OS PRÉTRES OUVRIERS.....</b>	<b>5</b>
<b>3. IGREXA E MUNDO OBREIRO NA ESPAÑA DE FRANCO .....</b>	<b>9</b>
<b>4. DA SOTANA Á FUNDA DE TRABALLO: CURAS OBREIROS NO ESTADO ESPAÑOL .....</b>	<b>13</b>
<b>5. OS CURAS GALEGOS QUE NON QUIXERON SER DE MISA E OLA (1965-1972) .....</b>	<b>17</b>
<b>5.1. Pastoral de Delicado Baeza sobre a Misión Obreira en 1972 .....</b>	<b>22</b>
<b>5.2. Implicación nas organizacións especializadas de AC .....</b>	<b>24</b>
<b>5.3. Relación cos traballadores .....</b>	<b>26</b>
<b>6. DA FOLGA XERAL AO PRIMEIRO CONVENIO EN DEMOCRACIA (1972-1978) .....</b>	<b>29</b>
<b>6.1. Coordinación na Misión Obreira e a percepción do resto dos párrocos .....</b>	<b>33</b>
<b>6.2. Da crise do petróleo á crise de Álvarez (1975-1978).....</b>	<b>34</b>
<b>6.3. Escola de Formación Social de Vigo .....</b>	<b>36</b>
<b>7. DEMOCRACIA E DESENCANTO (1978-1982).....</b>	<b>38</b>
<b>7.1. Fin da experiencia dos curas obreiros .....</b>	<b>44</b>
<b>CONCLUSIÓNS.....</b>	<b>46</b>
<b>BIBLIOGRAFÍA E FONTES CONSULTADAS .....</b>	<b>48</b>
<b>FICHA TECNICA DOS ENTREVISTADOS .....</b>	<b>51</b>
<b>DOCUMENTOS ANEXOS .....</b>	<b>52</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

Os curas obreiros preséntanse, a día de hoxe, como símbolo da Igrexa postconciliar, testemuños doutra forma de comprender e de realizar a evanxelización da sociedade, establecendo unha nova relación entre a Igrexa e o mundo obreiro-popular, afastada dos dogmas e compartindo a vida das xentes.

Para o estudo da figura dos curas obreiros galegos, en concreto os da cidade de Vigo, tómase como punto de partida o libro *A igrexa antifranquista en Galicia (1965-1975)* de Xosé Antonio Martínez García. Coa intención de profundar no recollido en dito libro, o estudo céntrase na relación que os curas obreiros mantiveron cos traballadores e co bispo, xunto coa influencia que tiveron no novo movemento sindical vigués que xurdira a comezos dos anos sesenta, consolidándose na seguinte década, coincido coa chegada á cidade destes, converténdose así, en axentes sociais das relacións laborais dende o tardofranquismo (1969-1975) ata a transición (1975-1982).

Cando se fala da figura dos curas obreiros téndese ao erro de incluír nela outras opcións de sacerdocio que, si ben están en relación, teñen outra transcendencia. Falamos así da distinción entre aqueles cregos que optaron polo mundo laboral co fin de obter uns ingresos económicos adicionais á paga que percibían polo labor dos ministerios e aqueles cregos que elixiron, dende unha postura concienciada, que a súa realización no sacerdocio pasaba pola implicación plena no eido laboral, social e político, xunto coa integración no pobo, rachando así coa visión do crego acomodado alleo aos problemas da sociedade<sup>1</sup>.

Dentro do segundo grupo hai que facer outra distinción entre aqueles que dende unha posición intelectual implicáronse no mundo obreiro dunha forma non-manual e os que consideraban que a integración no mundo do traballo tiña que facerse dende unha opción evanxélica e misioneira: encarnarse no mundo dos pobres, na clase obreira, o que os levará a ser uns obreiros máis gañando un xornal polo seu traballo ao marxe da diocese, xunto coas consecuencias que levaba participar no movemento sindical ou político.

O traballo elaborouse a partir das entrevistas realizadas a catro curas obreiros da cidade de Vigo, sumado ás fontes bibliográficas publicadas ata a data, referentes: ao movemento dos curas obreiros, tanto en Francia como no Estado español; a situación da Igrexa tralo Concilio

---

<sup>1</sup> X. Antonio Martínez García indica en *A igrexa antifranquista en Galicia (1965-1975)*, pág. 42, que a mediados dos anos setenta máis dunha ducia de cregos traballaban en El Faro de Vigo como correctores de probas.

Vaticano II; ao contexto histórico, socio-político e socioeconómico entre os anos 1965 e 1982. Empregáronse tamén publicacións de prensa xunto con fondos de arquivos da época para elaborar as entrevistas e contrastar os datos achegados polos entrevistados.

Neste traballo só analízase a figura dos curas obreiros dende o eido laboral pero comprender en conta que esta figura está composta por outros eidos como o político e, neste caso, o cultural, ao estaren algún deles implicados na promoción da lingua galega dende a liturxia, quedando pendente conxugar eses tres eidos, xunto co impacto que tivo este movemento na Igrexa católica.

Por último agradecer aos entrevistados, Antón Gómez González, Benito Santos González, Xosé Antonio Graña Nogueiras e Xulio Montero Álvarez a súa boa e plena disposición para levar a cabo as entrevistas, así como ao persoal da Fundación Penzol, en especial, ao seu director Francisco Domínguez Martínez por poñerme en contacto cos entrevistados. Agradecer tamén á Unión Comarcal de CC. OO de Vigo polas publicacións prestadas acerca do movemento obreiro da cidade de Vigo.

## 2. O NACEMENTO DOS CURAS OBREIROS: OS PRÉTIRES OUVRIERS

O movemento dos curas obreiros ten o seu xermolo na Francia da Segunda Guerra Mundial como consecuencia da colaboración entre a resistencia comunista e os católicos franceses con motivo de liberar a Francia da ocupación nazi. Por mor deste contacto fóronse achegando posturas e conxugando o cristianismo coa teoría marxista.

Un dos primeiros sacerdotes en dedicarse ao mundo do traballo manual foi o frade dominico Jacques Loew, sendo estibador nos peiraos de Marsella dende 1941 a 1954. Como resultado de dita experiencia escribirá un libro titulado *En mission prolétarienne* (1946) no que chama a evanxelización dos barrios obreiros franceses<sup>2</sup>. O movemento terá como referentes a dous frades franceses da orde dos dominicos, Yvan Daniel e Henri Godin, que en setembro de 1943 publicarán o libro *La France, pays de mission?*; precisamente este libro tiña un prologo do cura Georges Guérin, fundador e consiliario<sup>3</sup> xeral da Juventud Obrera Cristiana (JOC) en Francia, que será levado á cadea en agosto dese mesmo ano polos nazis. O libro amosa a descristianización que está a sufrir o proletariado francés e reconsideran a cuestión evanxelizadora: Francia que enviaba centos de misioneiros as súas colonias a evanxelizar converteuse ela mesma nun país “pagán”<sup>4</sup>. Estes pagáns eran os vellos campesiños, convertidos agora en obreiros, que chegaron as cidades co pulo da industrialización, construíndo un mundo novo fora dos muros da Igrexa. Para evanxelizar a eses traballadores que vivían nos suburbios das cidades había que facer que a Igrexa acudise a eles e non ao revés, a misión xa non estaba nas colonias senón nos barrios obreiros e para elo os “misioneiros”, os curas, tiñan que converterse en traballadores, ser un máis do barrio.

O 1 xullo de 1941 fundarase a *Mission de France* pola Asemblea de Cardeais e Arcebispos franceses, que chegará a ter a 350 sacerdotes, non só diocesanos, senón tamén: xesuítas, dominicos, capuchinos e franciscanos. Certo que só chegaron a traballar como curas obreiros uns 30 sacerdotes. Esta misión consistía en achegarse aos barrios obreiros descristianizados e evanxelizalos.<sup>5</sup> A inqueda de Henri Godin será a que lle leve a promover a *Mission de Paris*, inaugurada polo arcebispo de París, Emmanuel Suhard, o 1 de xullo de

---

<sup>2</sup> Vexase HUSILLOS TAMARIT, I.; “Profeta del Evangelio en tierra extraña. Madeleine Delbrêl”, Revista de Espiritualidad, nº 64, 2005.

<sup>3</sup> Sacerdote designado polo bispo para controlar, coordinar e promover as organización de Acción Católica.

<sup>4</sup> TABARES CARRASCO. E; *Los curas obreros: su compromiso y su espíritu*, Nueva Utopía, Sevilla, 2005, páx. 24.

<sup>5</sup> TORRES BARRANCO, F; *De los curas-obreros a los obreros-curas: El sacerdote en el trabajo en la Diócesis de Cádiz 1966-1970*, Tesis Doctoral, Cádiz, 2016, páx. 73.

1943. Esta misión vaise compoñer de 25 membros, dos cales 18 vanse dedicar ao traballo manual, xa sexa no sector da construción ou na agricultura pasando polo sector da pesca. Estes curas residirán nas zonas urbanas de París ou nas barriadas suburbanas como pode ser Montreull, Billancourt, Bicêtre, etc; manterán unha forma de vida similar a dos traballadores, sendo un membro mais do barrio coa intención de que estes xa non os visen como unha clase aburguesada, allea aos seus problemas cotiáns que agora tamén lles pertencían a eles.

*“Seguindo a consigna de San Pablo e co fin de volver a tomar contacto cunha clase totalmente separada da Igrexa e da práctica relixiosa, fixéronse pobres cos pobres, obreiros cos obreiros, adaptando a súa forma de vida, salvo o pecado, a fin de salvarlos. Imitaron aos misioneiros que facíanse chinos cos chinos, africanos cos africanos”<sup>6</sup>.*

Non hai que perder a perspectiva do fin destes curas obreiros que non é outra que a evanxelización dos obreiros pagáns; estes curas optarán por unha forma de apostolado “excepcional”.

*“Eles pensaron diante de Deus que era o único medio de volver tomar contacto cos millóns de proletarios que están separados da Igrexa e ameazados polo erro e as doutrinas de odio”<sup>7</sup>.*

O 11 de febreiro de 1947 o arcebispo de París, Emmanuel Suhard, escribe unha carta pastoral, *Essor ou declin de l'Église*, onde confirma o exposto por Yvan Daniel e Henri Godin, converténdose así nun dos principais valedores desta nova corrente na Igrexa francesa, como xa quedara demostrado coa *Misión de Paris*. Nesta carta pastoral o señor arcebispo non culpa aos traballadores da súa falta de cristianismo senón que fará responsables ás clases sociais máis acomodadas por convertérense nuns cristiáns aburguesados, abrazados ao capitalismo, levando consigo que os primeiros identificarán á Igrexa coa burguesía<sup>8</sup>.

A medida que este fenómeno vaia en aumento, alcanzando no ano 1949 os 50 curas obreiros<sup>9</sup>, tamén o fará o temor ao mesmo. Comezouse a suscitar o problema de que se os curas dedicaban o seu tempo ao traballo manual, levando consigo a obtención duns ingresos, ían deixar de lado as súas tarefas especificamente sacerdotais e non só iso, senón tamén que o contacto diario cos traballadores “contaxiaba” aos curas as inquiredanzas reivindicativas da clase

---

<sup>6</sup> RÉTIF, A; “Los sacerdotes obreros franceses”, *Signos del Tiempo*, París, 8 de setembro de 1952, páx. 563.

<sup>7</sup> Ídem.

<sup>8</sup> TORRES BARRANCO, F; “De los curas-obreros a los obreros-curas, (...)”, *opus cit.*, páx. 72.

<sup>9</sup> TABARES CARRASCO, E; “Los curas obreros, (...)”, *opus cit.*, páx. 25.



traballadora; o risco que corría o cura obreiro era que “*acabase convertendo o medio nun fin*”. A raíz da implicación de moitos curas obreiros nos movementos sindicais e políticos<sup>10</sup> dende 1952, a actividade da *Misión* foi restrinxida o primeiro de marzo de 1954 por decisión da curia vaticana. Esta restrición consistía en que os curas obreiros para poder traballar tiñan que ser elixidos polos bispos, estando autorizados a traballar non máis de tres horas o día, atendendo aos seus ministerios, ademais de non poder asumir funcións sindicais relevantes. O papa Pío XIII chegará a dicir que:

*“A vida dun sacerdote é o ben máis precioso da Igrexa. E esta non pode confundirse coa vida dun obreiro. Porque é unha vida de oración, de ensinanzas e de culto, inconciliables co traballo manual. Un sacerdote que pasa a maior parte do seu tempo no traballo manual non pode exercer a forma superior do sacerdocio se non é dunha maneira anormal”*<sup>11</sup>.

Xa en abril de 1959 dita restrición acadaría maior relevancia ao ser prohibido pola Santa Sede que os curas puidesen traballar nas fábricas, nin tan sequera a tempo parcial. Esta foi a resposta que o cardeal Pizzardo, en representación do Santo Oficio, daralle á proposta do cardeal Feltin (sucesor de Suhard) de que os curas puidesen facer xornadas completas nas fábricas. Haberá que esperar ata os momentos finais do Concilio Vaticano II<sup>12</sup> cando o papa Pablo VI autoriza o 23 de outubro de 1965 ao episcopado francés de formar un pequeno grupo de curas obreiros. Estes curas terán plena liberdade para traballar a xornada completa pero cunha serie de requisitos: “*que os candidatos tiveran xa unha experiencia sacerdotal, que se reunisen periodicamente para profundar o sentido da misión, que estiveran agrupados en pequenos equipos e que non traballasen de forma illada, senón en seccións misioneras, para o que debían ter estreitas relacións cos demais sacerdotes e cos militantes de AC obreira do sector industrial no que desenrolen a súa actividade*”<sup>13</sup>.

---

<sup>10</sup> Dous curas obreiros de Colombes, participantes nunha manifestación de carácter político organizada por “Combatente da Paz” o 28 de maio de 1952, en solidariedade cos seus compañeiros de traballo, paráronse a axudar a un ferido e foron detidos, sendo golpeados en comisaría. (RÉTIF, A; “Los sacerdotes obreros franceses, (...)”, *opus cit.*, páx. 565.

<sup>11</sup> VINATIER, J.; “Le Cardinal Liénart et la misión de France”, en BOTEY, J.; *Curas Obreros. Compromiso de la Iglesia con el mundo obrero*, Cristianisme i Justícia, Barcelona, 2011, páx. 6.

<sup>12</sup> O Vaticano II foi un concilio ecuménico convocado polo papa Juan XXIII. O mesmo papa inauguráralo o día 11 de outubro de 1962 e será pechado polo seu sucesor o papa Pablo VI o día 8 de decembro de 1965. O Vaticano II pretendeu dar un aire renovador a Igrexa católica acorde cos tempos.

<sup>13</sup> TORRES BARRANCO, F; “De los curas-obreros a los obreros-curas, (...)”, *opus cit.*, páx. 75.

O día 7 de decembro de 1965 o Concilio II aprobou o *Decreto Presbyterorum Ordinis*, sobre o ministerio e a vida dos presbíteros, onde recolle que:

*“Os presbíteros..., aínda que se dediquen a diversas funcións, desempeñan con todo un só ministerio sacerdotal para os homes. Para cooperar nesta obra son enviados todos os presbíteros, xa exerzan o ministerio parroquial o interparroquial, xa se dediquen á investigación ou á ensinanza, xa realicen traballos manuais, participando, coa conveniente aprobación do ordinario, da condición dos mesmos obreiros onde isto pareza útil... Todos tenden certamente a un mesmo fin: a edificación do Corpo de Cristo... que esixe múltiples traballos e novas adaptacións” (nº8)<sup>14</sup>.*

Co pulo do Concilio Vaticano II, no ano 1979, chegarán a ser en Francia 800 curas obreiros e outros tantos curas que, sen dedicarse ao traballo manual, serán propietarios de colexios. Este fenómeno tamén darase case de forma simultánea en Bélxica, en 1950 en Italia e Alemaña. Tamén chegará a América Latina pero no contexto da Teoloxía da Liberación. Destas experiencias xurdirán os *prêtres ouvriers*, xermolo dos curas obreiros.

---

<sup>14</sup> Papa Pablo VI; *Decreto Presbyterorum Ordinis*, publicado o 7 de decembro de 1965.

### 3. IGREXA E MUNDO OBREIRO NA ESPAÑA DE FRANCO

Ao remate da Guerra Civil declarouse a ilegalización dos sindicatos de clase sendo substituídos pola Organización Nacional Sindicalista del Estado tal como establecía a Declaración XII del Fuero de Trabajo, completada coa Ley de Bases para la Constitución de los Sindicatos, ámbalas dúas de 1940. Suprimíase así a liberdade de asociación sindical e a Organización Nacional Sindicalista quedaba integrada na FET e da JONS<sup>15</sup>.

A Igrexa dende o final da guerra tiña a necesidade de re-evanxelizar aos obreiros dado a súa mostra de anticlericalismo, antes de que esta fixérase presente no mundo laboral a través da figura dos curas obreiros, farano por medio dos asesores eclesiásticos do sindicato vertical ou as actividades de apostolado desenroladas nas fábricas, erixíndose o sacerdote como unha especie de *Defensor Civitatis* que vele polos intereses dos traballadores<sup>16</sup>. De maneira simultánea, tamén fará acto de presenza grazas ás organizacións especializadas de Acción Católica: Juventud Obrera Cristiana (JOC), Hermandad Obrera de Acción Católica (HOAC) e Hermandades del Trabajo, entre outras.

Estas organizacións, conformadas por laicos pertencentes á clase traballadora e por un consiliario, serán unha ferramenta de evanxelización e ao mesmo tempo de achegamento da Igrexa á realidade do mundo obreiro. A JOC foi fundada en Bélxica en 1924 polo sacerdote Joseph Cardijn e introducida no Estado español polos sacerdotes Albert Bonet e Cándido Marín durante a Segunda República; mentres que a HOAC xurdiu en 1946 por encargo da Xerarquía da Igrexa española ao laico Guillermo Roviroso, ante o afastamento dos traballadores de crear dentro da Acción Católica unha sección ligada ao eido laboral. Ámbalas dúas implantaríanse en Vigo e Ferrol a comezos dos anos cincuenta.

En canto a Hermandades del Trabajo, foron impulsadas polo bispo de Madrid, Eijo Garay (nado en Vigo) en 1946 na súa diocese ante o xurdimento de grupos de HOAC acusados de temporalistas, coa intención de *“obstruír a expansión da HOAC, en favor dunhas asociacións máis interclasistas, que se baseaban no pacto e a negociación cos patróns e os dirixentes sindicais do réxime, fuxindo de calquera posible conflito social ou político”*<sup>17</sup>. En

---

<sup>15</sup> GÓMEZ ALÉN, J.; *As CC.OO de Galicia e a conflictividade laboral durante o franquismo*, Xerais, Vigo, 1995, páxs. 18 a 19.

<sup>16</sup> RODRÍGUEZ LAGO, J.; *La Iglesia en la Galicia del Franquismo (1936-1965)*, Edicios do Castro, A Coruña, 2004, páx. 398.

<sup>17</sup> RODRÍGUEZ LAGO, J.; “La Iglesia en la Galicia del franquismo, (...)”, *opus cit.*, páx. 400.

Vigo constitúense en maio de 1948 sendo promovidas polo bispo da diocese de Tui-Vigo, José López Ortiz, como alternativa similar á defendida polo bispo de Madrid.

Tanto a HOAC como a JOC dende a súa constitución estarán integradas por traballadores conversos provenientes do comunismo, anarcosindicalismo ou socialismo o que provocará que, durante a ditadura ata o rexurdimento das organizacións sindicais, sexan a vangarda do movemento obreiro. Estas participarán na fundación da Unión Sindical Obrera ou sendo promotoras das primeiras Comisións Obreiras, xurdidas a comezos dos anos sesenta nas fábricas do Estado español ante os conflitos laborais, como sería o caso do estaleiro de Barreras onde a HOAC xa viña participando na constitución das Comisións Obreiras durante as eleccións de enlaces sindicais<sup>18</sup> de 1960 e 1963.

Recolle X. Antonio Martínez García en *A igrexa antifranquista en Galicia*, que as primeiras xuntanzas da Comisión Obreira de dito estaleiro celebráronse na casa dun sacerdote, coadxutor de San Martiño de Coia, consiliario da JOC<sup>19</sup>. Este sacerdote participará no primeiro peche voluntario duns 25 traballadores nunha igrexa en Galicia o 3 de xuño de 1969. Será na igrexa dos Apóstolos de Vigo con motivo dunha serie de despedimentos na factoría de Citroën e pola inhibición das autoridades eclesiástica no asunto<sup>20</sup>. No exterior da igrexa a Policía Armada montará un control e solicitarán a documentación as persoas que pretendesen entrar ou saír da igrexa sen realizarse detención algunha. O uso das igrexas será un recurso habitual para os traballadores xa sexa con motivos reivindicativos ou para facer asembleas, resgardándose así no paraugas da Igrexa. Esta colaboración entre o eido eclesiástico e o sindical será froito do achegamento dos comunistas do PCE e dos obreiros cristiáns que militaban na HOAC ou na JOC, declarándose o carácter aberto e plural do novo movemento sindical que estaba a xurdir no Estado. As CC. OO sempre terán as portas abertas para aquelas persoas que estean interesadas na loita polo cambio social e político no Estado español:

*“É necesario a unidade de acción de todos os grupos que traballen no seno do movemento obreiro. Referímonos sobre todo aos grupos católicos –JOC, HOAC, Vanguardia Obrera, etc –USO, UGT e outros. Estean ou non integrados en CC. OO”*<sup>21</sup>

---

<sup>18</sup> GÓMEZ ALÉN, J.; “As CC.OO de Galicia e a conflictividade, (...), *opus cit.*, páx. 69.

<sup>19</sup> MARTÍNEZ GARCÍA, X.; *A igrexa antifranquista en Galicia (1965-1975)*, Edicios do Castro, A Coruña, 1995, páx. 37.

<sup>20</sup> La Voz de Galicia, 6 de xuño de 1969, páx. 10.

<sup>21</sup> GÓMEZ ALÉN, J.; SANTIDRIÁN ARIAS, V.; *Historia de Comisións Obreiras de Galicia nos seus documentos*, Edicios do Castro, A Coruña, 1996, páx. 213.

Os sectores cristiáns progresistas tamén recoñecían o labor que estaba a desenvolver o PCE no eido laboral ante a súa chamada á unidade:

*“No noso país, de feito existe un pluralismo, a pesares dunha aparencia de uniformísimo. Isto sobre todo constase no mundo do traballo. Os mesmos militantes cristiáns atópanse ante a situación pluralista e necesariamente tomarán unha opción. E entre as diversas opcións no diálogo para a construción dun mundo máis xusto, atópase como unha ineludible realidade a presenza do Partido Comunista... Ante un mundo obreiro que se nos presenta en bloque. Podemos nós intentar a disgregación? E, máis que nos pese, o Partido Comunista é o que aglutinou esta masa obreira”<sup>22</sup>.*

O recoñecemento era mutuo, o PCE sabía que era necesaria a colaboración entre os católicos e os marxistas:

*“Aceptando o principio básico de colaboración; encontro de católicos e comunistas para o diálogo e a discusión; elaboración en común das bases ou programas desa colaboración; para o presente, para un período limitado o, mellor aínda, para todo o proceso de desenrolo democrático de España; e incluso para avanzar xuntos cara o socialismo”<sup>23</sup>.*

Benito Santos recorda unha situación que reflexa moi ben porque as Comisións Obreiras tiveron seu éxito como instrumento de aglutinar nelas a xente de diversa ideoloxía e de pensar; o sentido pluralista, de querer sumar efectivos a causa, era maior que o individualismo.

*“Waldino Varela<sup>24</sup> convidárame a ir con el a unha xuntanza nun monte en Arcade un domingo pola mañá. Cando chegamos había un traballador posto de pé nun muro facendo burla como se estivese a predicar misa. El colleume polo brazo e díxome que o acompañase, dirixiuse ao compañeiro que estaba enriba do muro e mandouno baixar; presentoume ao resto e lles dixo que eu era traballador de ASCÓN e cura, que agora era un máis deles.*

---

<sup>22</sup> DOMINGUEZ J.; “Reflexiones pastorales” en GÓMEZ ALÉN, J.; “As CC. OO de Galicia e a conflictividade laboral, (...)”, *opus cit.*, páx. 120.

<sup>23</sup> ÁLVAREZ, S.; “Los Comunistas y la Colaboración con los Católicos” en *ibidem*, páx. 121.

<sup>24</sup> Líder sindical do estaleiro de Vulcano é un dos promotores das Comisións Obreiras de dito estaleiro. Sería o primeiro secretario xeneral comarcal de Comisións Obreiras en Vigo.

*Ao compañeiro díxolle que iso que estaba a facer podía valer ata hoxe pero agora xa non porque entón estaban a ridiculizar a unha persoa que ten que ser querida e valorada” (B. S. G.)*

Eduardo Fernández (militante do PCE e un dos promotores das CC. OO de Vigo) nunha entrevista recollida no libro *Vigo Obreiro. O periódico das CC.OO de Vigo*<sup>25</sup> da conta da colaboración dun membro da HOAC a hora de instalar nun terreo seu a multicopista coa que facían as copias do periódico Vigo Obreiro a partir do 1974 ao non poder seguir contando co aparato do partido.

O seguinte fragmento fai referencia ao apoio por parte da HOAC ao anhelos das CC. OO de constituír un Sindicato Único de Clase:

*“Sempre creemos na necesidade de unión da clase obreira, sobre todo no terreo sindical... Consideramos que os cristiáns non temos dereito a aumentar a desunión da clase obreira no terreo sindical... É certo que existen diverxencias entre a concepción da vida e as doutras ideoloxías, pero entendemos que estas discrepancias deben manifestarse no debate intelectual e dos grupos políticos e ideolóxicos, nunca no campo sindical, onde os obreiros somos iguais na loita defensiva contra o capitalismo voraz”<sup>26</sup>.*

En 1963, membros da HOAC impulsaron, nunha reunión en Segovia, unha editorial que seguía a estela da promoción social que viñan facendo na HOAC os militantes obreiros cristiáns debido as dificultades que se estaban atopando nesta. Terá por nome ZYX, en oposición ao ABC, toda unha declaración de intencións<sup>27</sup>. ZYX comezará a andar da man do sacerdote Luís Capilla e do laico Julián Gómez del Castillo, sendo seu presidente dende 1964 ata 1972, sucedendo a Guillermo Rovirosa, autor do primeiro libro editado: *¿De quién es la empresa?*. As publicacións desta editorial terán un cariz político, sindical e relixioso, xa sexa de lectura ou para a formación dos traballadores, participando escritores tanto marxistas como de corte libertario.

---

<sup>25</sup> FUNDACIÓN 10 DE MARZO; UNIÓN COMARCAL DE CC. OO DE VIGO; *Vigo Obreiro. O periódico das CC. OO de Vigo*, Fundación 10 de Marzo, Santiago de Compostela, 1997, páx. 12-13.

<sup>26</sup> “Editorial do Boletín da HOAC, nº 696” en GÓMEZ ALÉN, J.; “As CC.OO de Galicia e a conflictividade laboral, (...)”, *opus cit.*, páx. 297.

<sup>27</sup> SÁNCHEZ, A.; MAR ARAUS, M.; “Editorial ZYX, S.A.: Editorial obrera contra el Franquismo”, *Revista Social and Education History (HSE)*, vol. 4, nº 3, 2015, páx. 260 a 286. (<http://hipatiapress.com/hpjournals/index.php/hse/article/view/1729>)

#### 4. DA SOTANA Á FUNDA DE TRABALLO: CURAS OBREIROS NO ESTADO ESPAÑOL

Os curas obreiros xorden no Estado español vinte anos despois da súa aparición en Francia, situándoos Estaban Tabares ao redor dos grupos de seminaristas denominados Jesús Obrero, dos movementos especializados de Acción Católica (HOAC e JOC) e nas Comunidades Cristinas de Base y Populares. O Concilio Vaticano II propiciou unha xanela aberta para que entrasen na Igrexa novos achegamentos pastorais e misioneiros, “*que lexitimaría a opción e o ministerio dos curas obreiros xa existentes e animará a moitos outros a adoptar este estilo de vida*”<sup>28</sup>.

Os Grupos Jesús Obrero estendéronse por algúns seminarios a mediados dos anos cincuenta influenciados por unha corrente de opinión que X. Antonio Martínez García denomina “*obreirismo*”, describindoa como: “*mellor sacerdote se era canto máis obreirista*”<sup>29</sup>. Estes grupos organizarán en 1954 en Bilbao o primeiro campo de traballo sendo o seu pioneiro o pai José Antonio Mateo; repetiríase esta experiencia en Zaragoza, chegándose a propor encontros nacionais, sendo convidados curas progresistas como o Pai Llanos<sup>30</sup> ou José María Díez-Alegría<sup>31</sup>.

Os campos de traballo estarán formados por seminaristas que nun futuro vindeiro ían optar por un sacerdocio que se achegase ao mundo do traballo, deixando á marxe o carácter privilexiado que lle outorgaba a posición de sacerdote, para levar a cabo a evanxelización dos obreiros descristianizados, rachando así a separación existente entre a Igrexa institucional e a clase traballadora. Estas experiencias de traballo correrían a mesma sorte que o movementos dos curas obreiros en Francia ao ser prohibidas pola Curia Vaticana en 1959 para logo autorizarse seis anos despois tralo Concilio Vaticano II<sup>32</sup>.

---

<sup>28</sup> TABARES CARRASCO. E; “Los curas obreros: su compromiso, (...), *opus cit.*, pág. 32.

<sup>29</sup> MARTINEZ GARCÍA. X; “A igrexa antifranquista en Galicia, (...), *opus cit.*, pág. 43.

<sup>30</sup> José María de Llanos, nado en Madrid en 1906, xesuíta, licenciado en Química en 1927. Durante a posguerra vincúlase ao movemento nacional-católico para logo, en 1955, afincarse en El Pozo del Tío Raimundo (Entrevías, Vallecas) onde sufrirá unha crise existencial, grazas a súa labor cos máis empobrecidos, achegándose a posicións progresistas comezando a militar no sindicato CC. OO e no Partido Comunista de España.

<sup>31</sup> José María Díez-Alegría, nado en Xixón en 1911, ex-xesuíta, ordenado sacerdote en 1943. Será un dos expoñentes da Teoloxía post-conciliar coa seu libro *Yo creo en la esperanza* (1972). Tamén vivirá na mesma barriada co Pai Llanos.

<sup>32</sup> CORRALES ORTEGA. X; *De la misa al tajo: la experiencia de los curas obreros*, Universidade de Valencia, Valencia, 2008, pág. 28.

En 1963 o bispo de Bilbao, Pablo Gúrpide Beope, autorizará aos sacerdotes David Armentia e a Pedro Solabarría, Periko, a traballar media xornada na factoría de Laminaciones de Bandas de Echévarri. Este último chegaría a cuestionarse “*pero qué é iso de pedir permiso para traballar...?*”<sup>33</sup>, polo cal comezou a traballar a xornada completa ante o silencio do bispo considerándoo así como unha aprobación tácita. Poderíase dicir que estes dous sacerdotes foron os primeiros curas obreiros do Estado. Ao pouco tempo de comezaren estes a traballar tamén o farán os seminaristas Eugenio Arraiga e Manuel Guardiano, chegando a ser, pasado dous anos, máis de media ducia de curas obreiros na diocese de Bilbao.

En Cataluña comezan, en 1964, os xesuítas José María Borri e Ramón Vilá. En 1967 chegan a ser dezasete os sacerdotes que traballan manualmente<sup>34</sup>. Tamén aparecen curas obreiros na zona de Cartaxena, Málaga e Logroño. Resaltar que tamén se deu o camiño inverso como foi o caso de Miguel Elhombre que aos 14 anos comezou a traballar nunha fundición de vidro, entrando en contacto coa JOC na que milita ata os 20 anos cando decide facerse cura sendo así un obreiro cura<sup>35</sup>.

Ao igual que ocorrera en Francia cando comezou andar o movemento dos curas obreiros, no Estado español tamén estará apoiado por parte da Igrexa, concretamente, pola figura dalgún bispo que fomentará a experiencia dos curas obreiros. Estes serán os casos de: Lorenzo Bereciartua Balerdi, bispo de San Sebastián (1963-1968), que en 1966 establece que ao remate dos estudos no seminario, antes da ordenación sacerdotal, os seminaristas tivesen unha experiencia laboral durante un ano “*como período de proba e discernimento*”<sup>36</sup>; Vicente Enrique y Tarancón, bispo de Oviedo (1964-1969), que en 1967 impulsará na súa diocese un grupo de curas obreiros<sup>37</sup> e Antonio Añoveros, bispo de Cádiz e Ceuta (1964-1971), que baixo o seu bispado floreceu un grupo duns 20 curas obreiros<sup>38</sup>.

O 27 de novembro de 1968 a Conferencia Episcopal (CEE) aprobará unhas normas provisionais<sup>39</sup>, redactadas polos bispos, que debían de seguir aqueles curas que decidisen optar

---

<sup>33</sup> CENTENO GARCÍA, J; DIEZ MAESTRO, L; PÉREZ PINILLOS, J; *Curas obreros*, Herder, Barcelona, 2009, páx. 253.

<sup>34</sup> CORRALES ORTEGA. X; “De la misa al tajo, (...)”, *opus cit.*, páx. 29.

<sup>35</sup> Para Todos la 2: Coloquio- Los curas obreros, 26 de maio de 2015 (<http://www.rtve.es/alacarta/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-coloquio-curas-obreros/3142191/>)

<sup>36</sup> CORRALES ORTEGA. X; “De la misa al tajo, (...)”, *opus cit.*, páx. 30.

<sup>37</sup> Archivo Linz de la Transición española; desde dos años: sacerdotes obreros en Asturias, 25 de maio de 1969.

<sup>38</sup> TABARES E.; “Los curas obreros, (...)”, *opus cit.*, páx. 71.

<sup>39</sup> VIII Asamblea Plenaria de la Conferencia Episcopal Española; *Normas provisionales para los sacerdotes en el trabajo*, 27 de novembro de 1968.



por un apostolado no mundo do traballo. Para os curas obreiros suporá, por parte do episcopado, un empuxe e ao mesmo tempo unha normalización da actuación destes de cara a aqueles sectores do clero máis remisos a esta forma de apostolado. O texto, entre outras cousas, recollerá que ningún bispo estaba obrigado a admitir esta forma de apostolado na súa diocese polo cal, a partir de agora, a figura deste será a chave para levar a cabo esas experiencias relixiosas. Cabe lembrar as revoltas estudiantís do 68 en todo o mundo, incluíndo as de marzo en Santiago de Compostela nas que boa parte do clero participou no diálogo co marxismo<sup>40</sup>.

En Galicia, antes da chegada á diocese de Tui-Vigo do albaceteño, Jose Delicado Baeza, esta atopábase rexentada polo bispo Jose López Ortíz dende 1944 ata 1969. Durante a súa estancia favoreceu a presenza do Opus Dei tanto no seminario como na maioría das parroquias urbanas, o cal explicará o por que ningún dos curas que conformaron a Misión Obreira saíron do seminario, a excepción de Xosé Antonio Graña Nogueiras<sup>41</sup> que si estudou no seminario mais o relevante para el sería a experiencia en Bolivia ao estar en contacto cos indíxenas e a represión que estes sufrían por parte do militares. O nomeamento de Delicado Baeza, como novo bispo en agosto de 1969, supoñerá un sopro de aire fresco, levando consigo o inmovilismo fomentado polo seu predecesor. Este bispo, que fora designado ao pouco de ordenarse como sacerdote (22 de xullo de 1951) consiliario diocesano da JOC e da HOAC, terá certa bagaxe no movemento especializado de Acción Católica así como na pastoral obreira; basta con observar as pastorais publicadas con motivo da Festa do Traballo<sup>42</sup> ou polo sucesos da folga de setembro do 72 en Vigo que se comentará máis adiante.

En setembro de 1970 era nomeado novo bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol o ourensán Miguel Anxo Araujo Iglesias. A pesares que baixo o seu bispado non se dará o apostolado dos curas obreiros si que houbo un grupo dunha ducia de cregos, denominados o Grupo de Ferrol<sup>43</sup>, que, na súa maioría, viñan implicándose activamente dende 1963 na loita obreira dos conflitos do naval, atopando no novo bispo un respaldo. Unhas das accións máis destacadas de Araujo Iglesias será a aprobación, baixo a súa responsabilidade, dunha homilía con motivo dos sucesos trágicos do 10 de marzo de 1972 no Ferrol, elaborada polo anterior grupo, e o envío dunha nota aos sacerdotes da diocese dicindo: “*pido insistentemente que sexan*

---

<sup>40</sup> Vexase GURRIARÁN, R.; *Inmunda escoria*, Xerais, Santiago de Compostela, 2010.

<sup>41</sup> No derradeiro ano de seminario en Tui o Seminario Diocesano de Santiago de Compostela obrígalle a mudarse alí dado que como el nacera no Morrazo, cuxa xurisdición eclesiástica correspondíalle a diocese de Santiago de Compostela, era o seminario que lle correspondía.

<sup>42</sup> Véxase La Voz de Galicia: 9 de abril 1972, páx. 3; 11 de abril de 1974, páx. 9; 8 de abril de 1975, páx. 12.

<sup>43</sup> Véxase MARTÍNEZ GARCÍA, X.; “A igrexa antifranquista en Galicia, (...)”, *opus cit.*; VV. A.; *Unha Voz para un Tempo de Silencio*, Caranza. AA. VV. “Cuco Ruiz de Cortázar”, Ferrol, 2009.

*lidas por todos. Ós que lle custe delas prégolles que o fagan e ós que lles custe cingirse a elas o mesmo*”<sup>44</sup>.

Como se indicou antes, a CEE deixaba ao bispo a arbitrariedade de aceptar ou non a experiencia de curas obreiros na súa diocese; así na de Ourense, o bispo Ángel Temiño Sainz (1952-1987) chegará a cesar ao sacerdote de Rairiz de Veiga, Abel Álvarez González, por exercer de ATS. A decisión do bispo provocará un gran malestar entre os veciños que esixían o retorno do sacerdote cesado<sup>45</sup>. Non é coincidencia que os novos bispos das dioceses de Tui-Vigo e Mondoñedo-Ferrol implicaranse, dun xeito máis ou menos directo, no eido laboral e social xa que foron os primeiros bispos elixidos no postconcilio, confirmando a posta en marcha da renovación que se desprendía do Vaticano II<sup>46</sup>.

---

<sup>44</sup> MÁRTINEZ GARCÍA, X.; “A igrexa antifranquista en Galicia, (...), *opus cit.*, pág. 35.

<sup>45</sup> La Voz de Galicia, 7 de marzo de 1978, pág. 20; 14 de marzo de 1978, pág. 20.

<sup>46</sup> Vexase RODRÍGUEZ LAGO, J.; “De la larga noche de piedra al despertar. La Iglesia y los católicos de Galicia entre la cruzada y la transición a la democracia”. *De la cruzada al desenganche: la Iglesia española entre el franquismo y la transición*, (Dir. ORTIZ HERAS, M.; GONZÁLEZ, D.), Sílex, Madrid, 2011.

## 5. OS CURAS GALEGOS QUE NON QUIXERON SER DE MISA E OLA (1965-1972)

A primeira experiencia de curas no traballo en Galicia darase no Grupo Jesús Obrero<sup>47</sup> constituído no Seminario de Santiago de Compostela por uns seminaristas, motivados polo profesor X. X. Cebrián Franco, e contando coa autorización do cardeal Quiroga Palacios. Este grupo, formado por seis seminaristas, terá por obxectivo “*coñecer en profundidade o mundo dos obreiros, da súa familia, dos seus pais*”<sup>48</sup>, xa sexa a través dos libros da súa propia biblioteca, centrados no mundo do traballo, ou a través de xuntanzas con membros da comunidade eclesiástica introducidos no eido dos traballadores.

Hai que dicir que, si ben contou coa autorización do cardeal, este non comprenderá as inquiredanzas dos seminaristas que ante as súas solicitudes, en 1964, para traballar no verán fora do ámbito relixioso, o cardeal responderalle: “*uns porcos non poden, sendo de granxa, ser ceibes xa que morrerían axiña ao non estaren preparados para outra vida distinta á da granxa*”<sup>49</sup>. Haberá que esperar ao verán seguinte para que o cardeal permita a este grupo ir traballar a Ferrol baixo a supervisión dos cregos ferroláns Eliseo Ruiz de Cortázar e Gabriel Vázquez Seixas, ámbolos dous moi vencellados á JOC.

En 1966 ordénanse tres seminaristas do grupo, Carlos Vázquez González, Xulio Barreiro Fernández e Xosé Rodríguez Longueira, solicitándolle ao cardeal ir traballar en grupo. Este acepta e adscríbeos como coadxutores en San Adrián de Cobres, no Morrazo, onde se atopaba como párroco Avelino Blanco Tenreiro, consiliario da HOAC. O grupo irá esmorecendo a partir da ordenación do resto dos seminaristas, dous en 1967 e outro en 1968, chegando ao curso 1968-69 sen apenas membros do grupo no seminario. O mesmo X. X. Cebrián Franco, xunto cos profesores Rafel Silva e J. R. Barreiro Fernández publicarán en 1968 unha obra conxunta titulada *El trabajo manual del clero*, que suporá un empuxe á opción dos sacerdotes de dedicarse a un traballo civil. Terá unha boa acollida entre os sectores do clero galego próximos ao mundo laboral e ao mesmo tempo recibirá críticas dos sectores máis reaccionarios a que os sacerdotes dedicaranse a traballar fóra do eido ministerial<sup>50</sup>.

---

<sup>47</sup> MARTINEZ GARCÍA. X; “A igrexa antifranquista en Galicia, (...), *opus cit.*, páxs. 43-45.

<sup>48</sup> *Ibíd.*, pág. 44.

<sup>49</sup> *Ídem.*

<sup>50</sup> *Ibíd.*, pág. 42.

A finais de 1969, os xesuítas Benito Santos González e Fernando Bandeira acoden ao monseñor Delicado Baeza, bispo da diocese de Tui-Vigo, para propoñerlle que a partir do ano seguinte queren dedicarse dentro da diocese ao mundo laboral. Benito xa viña cunha bagaxe no mundo obreiro pois xa traballara nas minas en Asturias e mentres cursa teoloxía na Universidade Pontificia Comillas en Madrid propónse con outros compañeiros vivir todos xuntos nunha casa coa intención de autofinanciarse mediante o traballo. A proposta que lle farán a Delicado Baeza será sinxela: desenrolar un traballo manual nas empresas e ao mesmo tempo atender ao labor eclesiástico.

Fernando Bandeira chegou a sintetizar brevemente o que supuña ser cura obreiro ao alegar que *“estes tiñan dúas rodas: a roda do traballo, da encarnación no mundo obreiro, no mundo popular; e a roda da pastoral, de ser curas. Se falta algunha das dúas o carro desequilíbrase e vai polo lado errado”*.

O bispo aceptará a proposta *“entendéndoa como a duns cregos que se queren dedicar ao mundo laboral, mentres que estes entendían, de xeito inverso, traballadores que acadaran o sacerdocio”*<sup>51</sup>, constituíndose así a Misión Obreira coa chegada a Vigo de Benito Santos e Fernando Bandeira. Estes quedarán destinados á parroquia xesuíta de San Francisco de Xabier en Teis<sup>52</sup>, promovida polo bispo un tempo atrás<sup>53</sup>, sendo unha parroquia obreira ao viviren nela parte dos traballadores de ASCÓN e Vulcano. A idea principal destes curas será traballar en empresas cun certo número de traballadores para así chegar a máis xente, idea que tamén compartirá posteriormente o propio bispo. Fernando Bandeira ingresará no cadro de persoal de Álvarez mentres que Benito Santos o primeiro ano e medio traballará na zona do porto repartindo lixivia, papel hixiénico, panos de mesa...; aquel traballo non lle chegará a satisfacer no sentido de que *“non estaba en contacto cos traballadores, aspirabamos a estar coa xente”*. Por este motivo, deixará ese traballo e comezará nunha empresa eléctrica colocando o tendido eléctrico pola zona de Arcade e Soutomaior; aínda así tivo a oportunidade de traballar na construción que, a pesar de ser un traballo que lle gustaba e que xa realizara anteriormente, rexeitouno.

*“Era cousa de gañar cartos e iso freábame porque non se trataba diso, a nosa misión era estar coa xente e vivir o ambiente laboral”*. (B. S. G.)

---

<sup>51</sup> *Ibíd.*, pág. 35.

<sup>52</sup> San Francisco de Xabier en Teis, antes de que o bispo a promovera, era una igrexa de culto sen parroquia.

<sup>53</sup> Boletín Oficial del Obispado de Tuy-Vigo (BOOT), 1970, pág. 508.

Mentres está na empresa eléctrica fai dous cursos de soldadura e montaxe na Escola de Formación Profesional Acelerada *para dominar dalgunha maneira eses oficios e logo servir tamén de axuda aos demais.*

No mesmo ano en que estes frades incorporáanse a Vigo chegarán a Galicia os sacerdotes Xulio Montero Álvarez e Xosé Antonio Graña Nogueiras procedentes de Bolivia; chegarán moi sensibilizados pola cuestión social tras cinco anos en Latinoamérica. Xulio fora profesor no seminario de Cochabamba, para o último ano ocupar o posto de reitor, vacante pola marcha a Cuba do cura da diocese de Ourense, Celso Montero Rodríguez<sup>54</sup>. Xosé Antonio Graña fora promotor social nas Minas de Oruro, estando en contacto coa Teoloxía da Liberación. Ámbolos dous incorporáranse á Misión Obreira e antes de entraren a traballar realizarán un curso na Escola de Formación Profesional Acelerada, Xulio Montero de instalador electricista e Xosé Antonio Graña de electromecánica.

O bispo Delicado Baeza tendo constancia de que dous curas están formándose coa intención de dedicarse ao mundo do traballo, contactará con eles para unha entrevista persoal, comunicándolle así o seu propósito de que traballasen, a poder ser, en empresas cun gran número de traballadores.

Facendo caso ao bispo, Xulio Montero solicitará traballo en Citroën mais dita solicitude será rexeitada da seguinte forma: *“Según informes de la policía, por estar en Hispanoamérica durante 5 años, no aceptamos su petición”*. O rexeitamento foi por entender que ao vir de Hispanoamérica tiña influencias comunistas.

A segunda empresa máis grande en número de traballadores era Álvarez, onde solicitará traballo, sendo contratado como axudante de electricista; comezará así a traballar o 9 de febreiro de 1971 na fábrica de Cabral, coincidindo con Fernando Bandeira.

Pola súa parte, Xosé Antonio Graña tamén tiña intención de traballar en Álvarez pero reconsideráao ao pensar que tres curas traballando na mesma fábrica ía ser demasiado e acaba solicitando traballo en La Metalúrgica. Entrará a traballar en marzo de 1971 tendo unha boa acollida, pois o patrón, que era moi católico, vía en Graña *“un baluarte máis para o seu*

---

<sup>54</sup> Sacerdote ourensán, licenciado en Teoloxía e Ciencias da Información pola Universidad Pontificia Comillas. Como resultado da visita a Cuba en 1968 publicará o libro *Cristianos en la revolución cubana. Diario de un periodista* (1975). Será o fundador do Partido Socialista Obreiro Español en Ourense en 1976.

*catolicismo*”, pero ao cabo dun ano darase conta de que non “*comungaba*” co clericalismo ao non ser un cura, como dicía Xosé Antonio Graña, “*de misa e ola*”.

Delicado Baeza destinará a Xulio Montero á parroquia de Santa Clara<sup>55</sup> na mesma semana que comeza a traballar en Álvarez. Isto vaille supor unha oportunidade privilexiada de coñecer e tratar aos traballadores como compañeiros dentro da fábrica e ao mesmo tempo ter unha relación próxima coas súas familias dende os servizos pastorais.

A comezos de 1972 Benito Santos entrará a traballar en Astilleros y Construcciones (ASCÓN), primeiro nas empresas auxiliares e logo xa no seu cadro de persoal. A diferenza dos traballos previos, en ASCÓN atoparase nun centro de traballo onde se daba unha situación de pobreza dos traballadores pero tamén de solidariedade o cal daralle a oportunidade de intentar crear un ambiente “*agradable, construtivo, de axuda e responsabilidade*”.

*“O traballo dábaseme ben, cando me sobrava tempo poñíame a axudar a algún compañeiro que estaba empantanado coa súa tarefa e iso era algo moi positivo porque o consideraba unha demostración de profesionalidade e de solidariedade coas persoas”* (B. S. G.)

Benito Santos incluso deixará de facer as horas extras para ter as tardes baleiras e poder reflexionar, ler, reunirse, “*porque non todo se vai ir no traballo, a ocupación non che pode deixar baldado*”. Este feito xunto coa renuncia previa de traballar na construción reflexa un feito relevante; a pesares de querer vivir a vida como un obreiro non o fará dende un plano materialista senón espiritual.

*“Nós eliximos o mundo do traballo como primeira opción e como camiño para que se produciran uns cambios fortes. O noso era vivir dignamente, non buscábamos acumular riqueza”* (B. S. G.)

Unha vez que os membros da Misión Obreira teñan contacto entre si, reuniranse co bispo con motivo de proporlle de querer vivir todos xuntos a unha casa da parroquia da Salgueira. A súa idea era seguir dedicándose ao traballo manual e de prestar un servizo parroquial como outro calquera, compartindo as tarefas ministeriais segundo os horarios de traballo para que non os acusasen de que ser cura obreiro era deixar desatendida a parroquia.

---

<sup>55</sup> Barrio da parroquia de Cabral onde se atopaba a fábrica de Álvarez.

*“Na Salgueira non había máis que catro casas dos traballadores polo que lle dixemos ao bispo que aquilo non era negocio para os curas entón que para nós era perfecto porque podíamos vivir co soldo de obreiro, sen necesidade de cobrarlle a xente polos servizos parroquiais” (X. A. G. N.)*

O bispo comunicarlles nun primeiro momento que precisaban duns estatutos e que estudará a proposta mais acabará por non aceptala, negándose incluso a que estes alugasen unha casa na Salgueira, pois corría o risco de que no caso de dar autorización o barrio acabase derivando nun gueto con actividade sindical, incluso de tipo político. Non só non aceptará senón que para entón xa tiña nomeado a un cura do Opus Dei para a parroquia da Salgueira.

*“Non casou a idea de vivir todos nun mesmo barrio ao estilo Vallecas” (X. M. A.)*

Poderíase pensar que se realmente lle interesara ao bispo a Misión Obreira aceptaría a proposta mais tampouco tivo a exixencia por parte deles de que se implicara activamente.

*“Delicado Baeza non se implicou activamente porque nós tampouco llo chegamos a pedir” (X. M. A.)*

A pesares disto, será vontade do bispo manter con estes curas unha reunión mensual sen ningún cariz oficial; sendo máis ben unha xuntanza onde puñan en común as experiencias tanto laborais como parroquiais. O bispo nunca lles marcará unhas pautas máis aló da pastoral sobre a Misión Obreira pero gustáballe saber a marcha desta.

*“O das xuntanzas foi iniciativa do propio Delicado Baeza; sempre avogou por animar esa realidade en vez de velo con precaución dende a distancia” (B. S. G.)*

Con posterioridade á reunión co bispo a Misión Obreira sumará un novo membro, o xesuíta asturiano Federico González-Fierro Botas que traballará de carteiro<sup>56</sup>.

---

<sup>56</sup> Federico González-Fierro Botas (Oviedo 1942 - Vladivostok 2002), diplomado en Linguas Clásicas por Salamanca, licenciado en Filosofía e Teoloxía pola Universidad Pontificia de Comillas, doutor en Ciencias Políticas e Socioloxía por Madrid coa tese *“La formación sindical impartida por centrales representativas en España, 1976-1992”* e diplomado en Lingua e Cultura rusas pola Universidade Estatal de Lomonosovo. Ademais traduciu do ruso ao asturiano as poesías líricas de Pushkin e varios textos bíblicos.

### 5.1. Pastoral de Delicado Baeza sobre a Misión Obreira en 1972

Con motivo da labor que viñan realizando os curas da Misión Obreira Viguesa, o bispo publicou unha pastoral, *Sacerdotes en el trabajo y misión Obrera*<sup>57</sup>, explicando en que consiste esa misión e o lugar que o sacerdote ocupa dentro dela. Tamén tenta ser a modo de guía de actuación para os sacerdotes que queiran dedicarse ao mundo do traballo, sen esquecer que esta misión debe ser un medio para un fin que non é outro que a re-evanxelización dos traballadores.

A pastoral camiñará preto das normas aprobadas pola CEE en 1968. Comezará recoñecendo que a clase traballadora está afastada da Igrexa, vendo nesta un obstáculo para “*os seus lexítimos desexos*”. Para que haxa proximidade terá que producirse unha renovación no interior da Igrexa e de presenza no mundo obreiro: o Concilio Vaticano II suporá esa renovación.

*“Hai que ir ao encontro e buscar a reconciliación, a mutua intelixencia, para chegar á comunión”*

A continuación describirá como ten que levarse a cabo a Misión Obreira: esta quedará englobada dentro das parroquias misioneiras, dos movementos de apostolado laico misionero e dos sacerdotes, próximos ao mundo obreiro ou traballando cóbado con cóbado cos obreiros, xa que, “*misionero e evanxelizado han de estar próximos existencialmente*”. Estes sacerdotes serán designados pola Igrexa, cualificados polo seu ministerio, mediante os cales farase visible a Igrexa institucional, “*rachando cos prexuízos que soe suscitar a súa acción nun medio puramente eclesiástico*” e “*implantando a Igrexa no corazón do mundo obreiro*” sen endexamais deixar de lado as súas tarefas ministeriais propias do sacerdocio. Recalca como a misión terá que servir de “*vehículo para fomentar unha relación de amizade cos homes que, doutro modo, permanecerían irremisibelmente afastados*” sen atender a outras cuestións materiais como poderá ser gañarse o sustento.

Para Delicado Baeza é moi importante que este labor non se desenvolva de forma illada “*para que apareza sempre como acción da Igrexa e non como unha acción individual, máis ou menos caprichosa*”, menos aínda que se levaran a cabo accións que supuxesen un escándalo dentro da Igrexa. O sacerdote deberá anunciar o Evanxeo aos obreiros para “*salvalos das cousas que escravizan ao home: do egoísmo, da explotación e da inmoralidade*”, formando así

---

<sup>57</sup> Boletín Oficial del Obispado de Tuy-Vigo (BOOT), xuño de 1972, nº 6, páxs. 264-273.



militantes cristiáns. “Non se trata pois, dunha función asistencial, nin de promoción cultural, nin de apoio a certos movementos ideolóxicos, senón da evanxelización e da implantación do Reino de Cristo, que é reino de verdade e de vida, de xustiza, de amor e de paz”. Como xa ocorrera coa primeira restrición aos curas obreiros franceses en 1954, Delicado Baeza indicará que o sacerdote non pode asumir o liderado da loita obreira xa que é unha función que lle corresponde ao leigo; “no sacerdote, tales funcións serían máis ben fonte de discordia”. Por último solicitará “que estes intentos frutifiquen e que esta experiencia se desenrole de modo que toda nosa igrexa local atenda mellor as necesidades de evanxelización do mundo obreiro”. Convén lembrar que, en setembro do 71 na Asemblea Conxunta de bispos e sacerdotes, boa parte do clero máis mozo declarábase partidario do socialismo.

<b>Resultados da enquisa ao clero galego en 1970 á pregunta de: Que ideoloxía ou forma socio-política merécelle a vostede?<sup>58</sup></b>						
<b>Grupo de idade</b>	<b>Menos de 30</b>	<b>30 a 39</b>	<b>40 a 49</b>	<b>50 a 64</b>	<b>Máis de 64</b>	<b>Total</b>
<b>Socialismo</b>	47.2	34.5	24.9	7.9	3.9	<b>24.8</b>
<b>Movements obreiros</b>	15.3	13.7	12.4	11.0	9.7	<b>12.6</b>
<b>República</b>	7.1	8.5	7.0	2.9	1.7	<b>6.0</b>
<b>Autonomía Rexional</b>	4.2	5.1	4.8	5.6	4.7	<b>4.9</b>
<b>Comunismo</b>	0.9	0.7	0.4	0.4	0.5	<b>0.6</b>
<b>Anarquismo</b>	0.6	0.3	0.3	0.3	1.3	<b>0.4</b>
<b>Monarquía</b>	3.6	9.6	16.3	40.5	51.2	<b>21.7</b>
<b>Situación de España</b>	4.2	8.3	14.0	15.0	11.5	<b>10.5</b>
<b>Falange</b>	1.0	1.5	2.7	4.0	3.4	<b>2.4</b>
<b>Non responden</b>	16.0	17.9	17.4	12.3	12.1	<b>15.7</b>

Da pastoral pódese apreciar como o bispo Delicado Baeza evoca un proselitismo, traer a xente á Igrexa, que se ben, na pastoral queda patente, a hora de levar a cabo ese apostolado excepcional non o será tanto, por non dicir nulo.

*“Delicado Baeza si que nós pedía, non é que fose sempre, que bautizáramos aos nenos, casáramos aos traballadores, como se fósamos misioneiros. Tampouco tiñamos a misión persoal de traer xente a Igrexa, respectabamos as opcións persoais, pero iso si, deixáramos caer que a fe ten unha implicación, unhas consecuencias. Facer pensar á xente o que implica un matrimonio dende o punto de vista relixioso e do compromiso,*

<sup>58</sup> Táboa elaborada polo propio autor en base aos datos obtidos por RODRIGUEZ LAGO, J.; “Las asambleas del clero en la Galicia de 1971”, *La Asamblea Conjunta de Obispos y Sacerdotes. Estudios diocesanos*, (Dir. MONTERO GARCÍA, F.; CARMONA, F.; LOUZAO, J.), Universidad de Alcalá de Henares, Madrid, 2019.

*de buscar o por que dese paso, non sendo así un mero reflexo ou un costume. Logo cada quen era libre de facer o que quixese” (B. S. G.)*

*“Non se trataba de traer traballadores ao rito. Ti tiñas unhas xuntanzas a nivel sindicato, facías relacións cuns e con outros entón pedíanche para que os casaras, bendicir as casas... Se os traballadores acudían a misa, especialmente por min, facíano dende a amizade” (X. M. A.)*

## **5.2. Implicación nas organizacións especializadas de AC**

A chegada destes curas obreiros a Vigo suporá o relanzamento da HOAC e JOC, despois de que a Acción Católica especializada sufrise unha crise dende o verán de 1966 ata 1968 provocada polo bispo auxiliar de Madrid e consiliario da Junta Nacional de Acción Católica, o compostelán José Guerra Campos, ao acusar a estas organizacións de temporalistas e de estar integradas por membros do PCE<sup>59</sup>.

Fernando Bandeira será designado consiliario da HOAC coa súa chegada a Vigo, sendo tamén delegado de ZYX en Galicia. Coa súa marcha a Latinoamérica en 1976 Benito Santos ocupará o cargo de consiliario, mentres que Xose Antonio Graña será o novo delegado de ZYX en Galicia. A labor que farán estes frades dentro da HOAC, ademais de ser uns traballadores ao igual que o resto dos integrantes, será de formación no eido sindical, “*buscando que os traballadores acadasen conciencia da súa situación*”<sup>60</sup>. A actividade da HOAC alcanzará o seu cumio coa folga xeral de setembro do 72 en Vigo. Esta encargárase de dar un apoio loxístico aos folguistas (cese de locais para reunións, recolectas de fondos)<sup>61</sup>, así como a elaboración de tres informes sobre a marcha do conflito<sup>62</sup>.

O primeiro destes informes é *Conflicto laboral en Vigo desde el 8 de setiembre de 1972* recolle, ademais dos feitos que foron sucedendo ata o día 30 dese mes, a pastoral do bispo

---

<sup>59</sup> Vexase MONTERO GARCÍA, F.; *La Acción Católica y el Franquismo. Auge y crisis de la Acción Católica especializada*, Madrid, UNED, 2000.

<sup>60</sup> MARTÍNEZ GARCÍA. X; “A igrexa antifranquista en Galicia, (...)”, *opus cit.*, páx. 37.

<sup>61</sup> Concretamente Benito Santos cederá a igrexa de Bellavista en Teis, converténdose no foco asembleario máis importante do 72. Tamén empregárase a igrexa dos Apóstolos grazas a existencia dun grupo de curas (José Fernández Villamil, José Manuel Magadán, Xosé Hervada) cun gran sentido pola cuestión social o que fará que fosen receptivos e partidarios de facilitar ao máximo os espazos relixiosos. O mesmo sucederá coa igrexa dos Picos na que oficiaba misa o cura Don Benito que fora consiliario da HOAC e da JOC.

<sup>62</sup> MARTÍNEZ GARCÍA. X; “A igrexa antifranquista en Galicia, (...)”, *opus cit.*, páxs. 39-40.

Delicado Baeza, *Orientaciones cristianas en la situación conflictiva de Vigo*<sup>63</sup>; este lembra como a *Gaudium et Spes*<sup>64</sup> admite a folga como medio necesario, sen recorrer a violencia nin coacción, en caso de conflitos económicos-sociais para a defensa dos dereitos dos traballadores cando as outras canles de solución pacíficas do conflitos permanezan pechadas. Por último, pide que se chegue canto antes a unha solución xusta, “*por riba de intereses egoístas ou esixencias de amor propio*”.

O segundo informe será na mesma liña que o anterior mais desta vez irá acompañado dunha denuncia da represión (despedimentos, peches patronais...), pero tamén todo o positivo que a folga estaba a deixar con vistas ao futuro, (a solidariedade, experiencia gañada); a folga de setembro do 72 será a semente para actuar nos conflitos por vir. Tamén se recoñecerá o labor do bispo coa publicación da pastoral comentada anteriormente.

O último informe, con data de 5 de outubro de 1972, por nome *Informe de la C.D. de la HOAC de Vigo sobre el conflicto laboral del mes de setiembre de 1972 en esta ciudad*, dá novo datos da folga a vez que agradece a colaboración de Cáritas diocesana de facer unha recolecta de cartos para as familias afectadas. Ditos informes non só se farán para informar á cidade Vigo senón tamén coa intención de por en coñecemento os feitos ao resto dos traballadores cristiáns do Estado español. (ver anexo documental nº 1, nº 2 e nº 3 acerca das recadacións de cartos feitas polos movementos católicos)

A labor de Federico González-Fierro Botas consistirá en refundir a JOC en Vigo, sendo o seu consiliario. Pola súa parte, Xulio Montero participará activamente nas Hermandades del Trabajo de Vigo tendo estas un gran peso no estaleiro de Barreiras. Se cando estas se constituíron tiñan un carácter conservador, de fidelidade co réxime, a comezos dos anos setenta van ocupar o espazo deixado pola HOAC e a JOC ao sufriren a crise, anteriormente referida. Isto provocará a marcha de moitos militantes cara as Hermandades del Trabajo, sendo copadas polos membros do PCE e das CC. OO (en Vigo, concretamente estaban os irmáns Manuel e Eduardo Fernández Araujo) coma nova canle dende a que operar, no eido sindical, baixo o paraugas da Igrexa, como fixeran antes coa HOAC e a JOC.

---

<sup>63</sup> Boletín Oficial de la Diócesis de Tuy-Vigo, (BOOT), 1 de outubro de 1972, páx. 410-412, con data do 20 de setembro de 1972.

<sup>64</sup> Constitución pastoral do Concilio Vaticano II sobre a Igrexa no mundo contemporáneo, o 7 de decembro de 1965.

### 5.3. Relación cos traballadores

O comezo destes curas nas factorías vai producir un efecto sorpresa, acompañado de desconfianza, nos traballadores cando teñen coñecemento da súa condición.

*“A xente mirábanos como unha cousa distinta, uns tipos que ían casar a xente por amizade, que mantiñan unha relación humana e que non lle cobraba nada á xente por vivir unhas crenzas que eles tiñan” (X. A. G. N.)*

No que concirne a Benito, nos seus comezos en ASCÓN, bastantes compañeiros manterán a opinión que a súa presenza para eles non tiña sentido, alegando que estaría mellor na ensinanza ou no culto, ademais de que estaba a ocupar un posto de traballo do que podía beneficiarse outro traballador. Rebaterá estes argumentos alegando que el recomendaba a algúns contratistas xente que viña do campo para que fosen contratados. Esa desconfianza, pódese traducir en estrañeza, ao seren persoas con estudos e estar traballando de peóns e non nas oficinas como era o habitual entre a xente con carreiras. No caso de Xulio Montero non se chegará a producir dito efecto por dous motivos xa mencionados anteriormente: a presenza previa de Fernando Bandeira facendo de punta de lanza o cal aos traballadores xa non lles supuxo novidade algunha ter un cura entre eles; o outro motivo foi o de entrar de maneira simultánea na parroquia de Santa Clara e en Álvarez.

Esa desconfianza que xeraba a súas presenzas ao comezo da súa andadura polo mundo laboral irase tornando nunha confianza acérrima. Non obstante, será un proceso lento, no que os traballadores terán que velos en actos repetitivos, de xestos, de solidariedade, de amizade, sendo un máis na fábrica, coa peculiaridade de que a parte de presencialos no traballo tamén o farán na igrexa; para Xulio Montero isto último era máis relevante pois a maioría dos traballadores de Álvarez en Cabral eran fregueses.

*“A confianza dos traballadores gáñase traballando cóbado a cóbado con eles. Cando tiñan un problema ti apoiábalos e sempre tentabas buscarlle unha solución. Era unha labor desinteresada, o único interese era liberar a xente de quen a oprime” (X. A. G. N.)*

*“Gañábase demostrando estar cos traballadores nas boas e nas malas, sufrindo a mesma represión como outro traballador calquera e que a túa condición de cura non era un salvoconduto” (A. G. G.)*

Os traballadores acabarán entendendo que a relación entre eles e estes curas non é de xerarquía senón de horizontalidade tanto na fábrica como na parroquia.

*“Non estabas aí para dar leccións dende un pedestal máis alto. Nós rompíamos coa idea de cura do rural que funcionaba como un cacique” (B. S. G.)*

Unha vez aceptada a presenza destes curas como un traballador e un compañeiro máis, deixando á marxe a súa condición de cura, os traballadores mostrarán a súa confianza elixíndoos como delegados sindicais cousa que eles aceptarán dado o seu espírito de buscar a dignificación do traballo.

*“Tiñas que loitar polas necesidades dos traballadores, non ser un mero espectador, senón un home vendo a realidade e aceptando as súas consecuencias” (X. A. G. N.)*

A implicación social e sindical destes curas non só será no ámbito das organizacións especializadas de Acción Católica senón que irán un paso máis aló, entendendo que a única forma de reivindicar os dereitos dos traballadores será participando no movemento sindical vigués, ben sexa ben sexa nas primeiras Comisións Obreiras ou na Unión Sindical Obrera. Despois da escisión que sofre esta última, algúns membros da Misión Obreira formarán parte do sindicalismo nacionalista galego coa constitución da Confederación Sindical Galega.

*“No momento que ti entras no mundo obreiro tes que moverte coas súas armas e o sindicalismo é unha, igual que a política” (A. G. G.)*

Hai que engadir que estes curas non tiñan cargas familiares o cal favorecerá que saian elixidos, pois en caso de represión pola súa actividade sindical os danos serían menores. Tiñan menos que perder que un traballador con familia.

No caso de Xulio Montero, certo é que cando comeza a traballar en Álvarez non tiña, de primeiras, intención de introducirse na loita sindical máis alá da súa participación en Hermandades del Trabajo; serán Carlos Núñez e Carlos Barros, ámbolos membros do PCE de Galicia, os que inciten a Xulio a meterse en *“actividades”*. A partir de aí comezará a xuntarse con outros traballadores de Álvarez como: José Valderrama, Augusto Docampo, Juan Quirós e Margarita Rodríguez Montes, pertencentes as Comisións Obreiras de dita empresa. (ver anexo documental nº 4)

*“Conformamos un grupo que estaba na clandestinidade pero digamos que na normalidade; certo que o réxime daquela xa non afogaba tanto, aínda así tiñamos un policía da social dentro da empresa que era notario por iso cando houbo despedimentos no 72 fora el quen informara de todas as actividades dentro da empresa” (X. M. A.)*

Xulio Montero participará na folga xeral de setembro do 72 na que resultarán despedidos José Valderrama, Augusto Docampo, Juan Quirós e Margarita Rodríguez Montes, esta última chegará a ser procesada no Tribunal de Orden Público. Isto provocará que as Comisións Obreiras de Álvarez quedasen descabezadas por un tempo ata que foron readmitidos todos menos Juan Quirós que marchará traballar para Ourense<sup>65</sup>. Se estes traballadores conformaban a cabeza visible das Comisións Obreiras de Álvarez, Xulio Montero será, xunto con outros traballadores, o sustento das mesmas mentres non se produza a súa reestruturación. Cun compañeiro chamado Carlos, encargaranse de facer charlas na hora do bocadillo aproveitando que os traballadores estaban reunidos para falar sobre as Comisións Obreiras, do Sindicato Vertical ou do cambio sociopolítico que se tiña que producir. Será algo esporádico e sen programa algún. Tamén serán eles dous os que farán recapacitar ao resto dos traballadores de querer ir a unha folga indefinida, que comezou sendo un paro de horas, xa que a empresa lles debía 10.000 pesetas.

*“Nós dixémoslles que ir a folga por 10.000 pesetas supuña unha perda salarial maior da que lle debían e que era mellor negociar coa empresa” (X. M. A.)*

Conseguiron suspender a folga e arranxaron para cobrar os cartos que lles debían.

*“A folga hai que ir para conseguir uns bens futuros” (X. M. A.)*

---

<sup>65</sup> GÓMEZ ALÉN, J.; “As CC.OO. de Galicia e a conflictividade laboral, (...), *opus cit.*, páxs. 168, 175 e 262.

## 6. DA FOLGA XERAL AO PRIMEIRO CONVENIO EN DEMOCRACIA (1972-1978)

O 28 de xuño de 1973 La Voz de Galicia farase eco da existencia dos curas obreiros na cidade de Vigo indicando que nese momento eran 6 e que outros compañeiros solicitaran traballar de maneira eventual durante o verán unha vez rematado o curso<sup>66</sup>.

En setembro de 1973 Francisco Carballo da congregación dos paúles, coa intención de instituír a esta en Vigo, contacta con Delicado Baeza para comunicarlle o seu proxecto. Carballo virá acompañado doutros tres membros da orde dos paúles: Antón Gómez González, Isidro López e Serafín García; os catro integráranse na Misión Obreira si ben, Francisco Carballo o fará dende un ámbito intelectual sendo docente o primeiro ano no Colexio de Ensinanza para pasar no 1974 á Escola de Maxisterio e ao Politécnico de Vigo. O bispo adscribirá a estes novos membros á parroquia de Santa Cristina de Lavadores<sup>67</sup>. A incorporación destes novos membros supoñerá o cénit da Misión Obreira en canto ao número de membros, 9 en total.

Estes paúles estudaran teoloxía no seminario de San Vicente de Paúl de Salamanca, sendo reitor do mesmo Francisco Carballo; será este quen impulse que durante o verán os seminaristas paúles accedan ao mundo laboral para así enfrontarse coa realidade<sup>68</sup>. Antón Gómez nada máis chegar a Vigo comezará a traballar para a empresa de construción Agroman durante dous meses e a continuación facer un curso na Escola de Formación Profesional Acelerada de instalador electricista. Ao rematar o curso entrará a traballar en agosto de 1974 en La Metalúrgica, na fábrica de García Barbón, onde vai durar tan só 21 días debido a que unha rapaza da parroquia de Lavadores tiña coñecemento de que Antón Gómez oficiaba misas por radio e comunicoullo aos donos<sup>69</sup>; a reacción destes non se fixo de esperar e díxéronlle a Antón Gómez que alí “*non querían a curas, xitanos, nin negros*”. O mesmo día que o despiden de La Metalúrgica acompañará a Francisco Carballo ao Santuario da Nosa Señora dos Milagres en Baños de Molgas, provincia de Ourense, con motivo de predicar unha novena. Alí o bispo da diocese de Ourense, Angel Temiño Sáiz, comunicarlle a Carballo que “*ou cambiaba de disco ou non podía seguir predicando*”, debido a que as súas homilías eran de carácter social e en

---

<sup>66</sup> La Voz de Galicia, 28 de xuño de 1973, páx. 6.

<sup>67</sup> PROL, S.; CARBALLA, X.; Conversas con Francisco Carballo, A Nosa Terra, Santiago, 2002, páxs. 115 a 117.

<sup>68</sup> Ibídem, páx. 109.

<sup>69</sup> Os donos, dous irmáns, eran os fillos do propietario de La Metalúrgica. No tempo que entra a traballar Antón Gómez González, estes novos propietarios xa tiveran problemas con Xosé Antonio Graña Nogueiras, polo cal, non querían ter outro cura na empresa.

galego. Ao ano seguinte irá só Antón Gómez, repetindo o bispo a advertencia. En setembro de 1974 entrará a traballar en Planosa onde lle dirá ao xefe dende o principio que el era cura.

En 1974 Xulio Montero será o promotor da apertura dun local parroquial na Rúa Sello en Santa Clara coa colaboración do PCE. Neste local ademais de realizarse actividades parroquiais tamén será empregado polas Hermandades del Trabajo, en momentos puntuais, como o 1º de Maio de 1975 onde Xulio Montero dará un relatorio sacado do libro *Los Curas Comunistas* de José Luís Martín Vigil<sup>70</sup>. Un día Manuel Fernández Araujo solicitaralle a Xulio Montero o local das Hermandades del Trabajo situado en García Barbón, debaixo da Radio Popular, coa condición de que este non estivese presente, para facer unha reunión cos traballadores. O motivo da reunión, que Manuel Fernández non llo chegara a dicir a Xulio Montero, será presentar as candidaturas das próximas eleccións sindicais e discutir unha serie de puntos reivindicativos como programa electoral coa finalidade de adquirir o compromiso de defendelos polos cargos sindicais que resultasen elixidos. Á reunión asistiron máis de 100 traballadores de 21 empresas de Vigo e do seu entorno, entre os cales atopábanse os líderes obreiros Salvador Pérez Rodríguez, Waldino Varela e Jaime Pereira, entre outros, que actuaron como moderadores da discusión dos puntos. Ao acto foi convidada La Voz de Galicia e así foi como ao día seguinte, o 22 de maio de 1975, publicaba:

*“Presentado un programa reivindicativo de 26 puntos, a los candidatos para las elecciones sindicales en Vigo. Para discutirlo se reunieron más de un centenar de trabajadores de 21 empresas, en las Hermandades de Trabajo”<sup>71</sup>.*

A noticia, comprensiblemente, chegou a mans da policía e citou a Xulio Montero para declarar con motivo de que as Comisión Obreiras empregasen o local das Hermandades del Trabajo. A reunión en Hermandades coincidirá na mesma semana coa celebración duns relatorios organizadas por Xulio Montero e polos irmáns Fernández Araujo no local da Rúa Sello na que os relatores eran: Fernando Randulfe (avogado e xesuíta), Francisco Carballo (historiador e paúl) e Emilio Suárez Coruxo (sociólogo e dominico). Por mor de colocar carteis polos establecementos de Cabral e O Calvario anunciando ditos relatorios e o lugar de celebración, a policía tamén tivo coñecemento deles e acudiron a parroquia de Santa Clara a

---

<sup>70</sup> José Luís Martín Vigil, sacerdote da orde dos xesuítas e escritor. No libro *Los curas comunistas*, 1965, relata as experiencias dun sacerdote católico español, Franco Quintas, que decide vestir o mono de traballo e vivir como un obreiro máis, en similitude aos curas obreiros que estaban a xurdir en Francia. Tamén é autor da obra titulada *“La vida sale al encuentro”* na que relata as súas experiencias como educador no Colexio Santiago Apóstolo de Vigo entre o 1951 e 1953.

<sup>71</sup> La Voz de Galicia, 22 de maio de 1975, páx. 12.



preguntar quen era o organizador ao que lles responderon que Xulio Montero. Como resultado a policía deixou debaixo da porta da casa de Xulio Montero unha nota que rezaba: “*Al salir del trabajo preséntese en la comisaría de Luís Taboada*”; polo que o 23 de maio tivo que ir declarar por ambos feitos.

Xulio Montero presentouse en comisaría; despois de xa declarar por un dos asuntos e cando se dispuña para o outro, arredor da seis da tarde, saíu o Comisario Xefe Cerviño, curmán do bispo Cerviño Cerviño, ordenando a uns policías a que foran ao local da Rúa Sello da parroquia de Santa Clara e colleran o arquivo.

*“Eu ao oír aquilo dixenlles que tiña misa as sete e media en Santa Clara e a ver se podía volver sobre as nove cando rematase a misa, dixéronme que si. Marchei correndo a coller o bus e atopeime de casualidade cun compañeiro de Álvarez e díxenlle que fora rapidamente ao local a coller o arquivo que ía ir a policía.*”

*No arquivo non é que houbese documentación comprometida mais alá dos nomes dalgúns traballadores de Álvarez e persoas que colaboraban connosco”* (X. M. A.)

Ao remate da misa presentouse de novo na comisaría e unha vez prestada declaración como xa era moi tarde uns policías ofrecéronse a levalo a casa.

*“Así foi, leváronme a casa sen preguntarme previamente onde vivía”* (X. M. A.)

Dende aquel día o local da Rúa Sello permanecerá pechado. Isto demostra como a policía naqueles tempos tiña controlada á xente que se movía no eido sindical, indistintamente de que fosen de curas. Tal era o nivel de control por parte da policía que incluso acudían as igrexas para vixiar os actos destes curas, como será o caso de Benito Santos sendo requirido máis dunha vez a acudir a comisaría a declarar acerca das homilías recitadas na misa.

*“Estas homilías non dicían nada doutro xoves, simplemente que os conflitos tiñan unha base lóxica en canto pedíase un soldo digno para unha vida digna; pero todo o que soara un pouco reivindicativo ou con ton político xa se desfasaba”* (B. S. G.)

Non será a primeira vez que Benito Santos tivese problemas coa policía, xa que no 1º de maio de 1970 en Madrid sería detido por denunciar a brutalidade coa que a policía actuaría ao deter a unhas persoas que ían á manifestación, co posterior xuízo no Tribunal de Orden Publico.

*“Non hai dereito, gritei. Colléronme e ao saber que era cura interrogoume un comisario especial para sacerdotes; estiven ata as dúas da mañá retido na comisaría”*  
(B. S. G.)

Benito Santos afiliárase a USO en 1973. Este sindicato, formado por sectores da JOC e da HOAC, fora introducido en ASCÓN nos anos 60 por un grupo de militantes pontevedreses da JOC encabezado por Guillermo Fontán Feixóo. Para Benito Santos non lle resultará fácil decantarse por USO pois daralle a sensación de se se afiliaba desbotaba outras opcións como eran as Comisións Obreiras. Este espírito de unidade levarao a propor unha candidatura unitaria entre as Comisión Obreiras e a USO perante as eleccións sindicais para non disputarse delegados mais nunca acabarán aceptando.

En La Metalúrgica, debido ao seu papel como presidente do comité de empresa (1973-1975) e do comité do metal de Pontevedra (1974-1975), Xosé Antonio Graña Nogueiras sufrirá tres despedimentos: un en 1973, outro en 1974 a raíz dunha folga de tres meses con motivo do despedimento dunha traballadora membro do comité de empresa e o último en 1975; os tres serán gañados en Maxistratura tendo que a empresa optar entre readmisión ou indemnización con extinción da relación laboral. Para os dous primeiros optará pola readmisión, non obstante, a modo de represalia será destinado como vixiante el só, a un almacén de latas de conservas en Canido (San Miguel de Oia, Vigo) e na segunda readmisión a un almacén no Calvario. No derradeiro despedimento ambas partes pactaran pola indemnización xa que o risco dun novo despedimento era probable. Será mentres se atope no Calvario cando decida preparar a licenciatura de Graduado Social; unha vez rematada a súa etapa na empresa e xa coa licenciatura acadada traballará nun despacho laboralista.

## 6.1. Coordinación na Misión Obreira e a percepción do resto dos párrocos

A coordinación existente entre os membros da Misión Obreira limitárase simplemente, do mesmo xeito que sucedía co bispo, a reunións informais onde cada un contaba as súas vivencias e en caso de que xurdise algún problema intentar dar solucións ao mesmo.

*“Non había un programa porque tampouco tiñamos unha misión encomendada por un mando superior, eramos un grupo de amigos que se xuntaban para verse” (X. M. A.)*

*“Estabamos relacionados pero non organizados; non había unha estrutura. Eramos un grupo de xente que dentro da Igrexa dedicabámonos a traballar, cunha liña definida pero cada un de nós cos seus matices” (A. G. G.)*

A Misión Obreira contará coa colaboración do xesuíta Xaime Seixas Subirá<sup>72</sup>, máis coñecido como o padre Seixas que, a pesares de non chegar a desenvolver un traballo manual, será un dos dinamizadores do grupo. Xa en 1968 puxera en marcha unha residencia para mozos traballadores sindicalistas chamada A Moradía O Castro<sup>73</sup>, ademais de ser un dos promotores da liturxia en galego na que participarán os membros da Misión Obreira.

En canto á percepción polo resto dos párrocos, a excepción dos que tiñan unha visión social e de proximidade cos traballadores, verán ao membros da misión con certa precaución. A súa forma de vida rutineira e conformista era totalmente oposta a destes curas que xogábanse a vida como un obreiro máis aceptando as consecuencias polas súas accións reivindicativas. Tampouco lles sobran as críticas aos acusaren de estar politizados ou de non estar ao principal que era a liña relixiosa, o culto.

*“Non comprendían (o resto do clero) que eu puidese dirixirme aos traballadores nas asembleas de ASCÓN no Náutico de Vigo” (B. S. G.)*

*“Tampouco tivemos que render contas ante o bispo ou superior da congregación xa que ao non desligarnos das tarefas ministeriais nunca causamos problemas” (X. M. A.)*

---

<sup>72</sup> Benito Santos González nun testemuño recollido no libro *O Padre Xaime Seixas Subirá. Pregoeiro da irmandade*, SEPT, 2015, páx. 106, recoñece como a figura do Padre Seixas influíulle, cando coincide con el en Salamanca, para optar posteriormente pola opción dos curas obreiros.

<sup>73</sup> CABADA CASTRO, M.; *O Padre Seixas desde dentro. Unha aposta progresista, galeguista e universalista*, SEPT, Vigo, 2013, páx. 94.

*“Mirábannos, no meu caso, como unha persoa moi avanzada e de esquerdas; non creo que nos tiveran envexa, sabían que ser cura obreiro requiría dos seus sacrificios, non era algo por pracer” (A. G. G.)*

No caso de Benito Santos tamén chegará a ter discrepancias co superior do colexio dos Xesuítas en Teis debido a negativa deste de seguir empregando por parte de Benito os locais que foran as Escolas do Pai Encinas para dar clase a xente de etnia xitana a finais dos anos 70.

*“O motivo de darlle clase a estas persoas era para reducir o fracaso escolar, tamén dimos clase a xente do barrio; chegamos a ter 40 rapaces.*

*Ante a negativa de seguir dando clase o segundo ano, fun falar co superior e pregunteille a ver que dano estabamos a facer, el respondeume que aos xitanos non os podía ver diante, nin os toleraba doutro lado da rúa; eu chameille racista” (B. S. G.)*

A promoción de Delicado Baeza como novo arcebispo metropolitano de Valladolid o 21 de abril de 1975 e a chegada do seu sucesor ao bispado de Tui-Vigo, José Cerviño Cerviño, suporá o cese das reunións que viñan mantendo os membros da Misión Obreira co bispo, provocando un progresivo distanciamento nas relacións destes curas coa Igrexa institucional.

## **6.2. Da crise do petróleo á crise de Álvarez (1975-1978)**

En outubro de 1975 co falecemento de Moisés Álvarez<sup>74</sup>, propietario do Grupo de Empresas Álvarez (Santa Clara, Pontesa, Mohasa, Povisa e Vanosa), este pasará a mans dos seus fillos Manuel e Antonio Álvarez. Ante a mala xestión dos novos donos e a inviabilidade económica da empresa o Instituto Nacional de Industria (INI) farase cargo do grupo, sendo comunicada dita decisión por Carlos Pérez de Bricio, ministro de Industria, o día 25 de novembro de 1976 ante os traballadores da factoría de Cabral<sup>75</sup>. Mesma sorte correrá Barreras. Xa baixo a dirección do INI, Xulio Montero será un dos promotores das primeiras eleccións sindicais “democráticas” en 1976.

---

<sup>74</sup> La Voz de Galicia, 26 de outubro de 1975, pág. 9.

<sup>75</sup> La Voz de Galicia, 26 de novembro de 1976, pág. 33.

*“Nós non estabamos de acordo co Sindicato Vertical e formulamos facer unhas eleccións sindicais. Presentámoslle a proposta ao presidente e díxonos que se conseguíamos dúas mil sinaturas daba permiso para facelas” (X. M. A.)*

Así foi, conseguiran as sinaturas suficientes e celebráronse as eleccións. Todos os traballadores podían ser elixibles, eran listas abertas. Saíron 72 delegados en todo o grupo de empresas.

*“Da xente que saímos elixida conformamos un comité de empresa, unhas comisións de traballo e un economato” (X. M. A.)*

Xulio Montero fundará a comisión de actividades sociais dirixida a administrar as vivendas que tiña Álvarez na barriada (unhas 50-60 vivendas), así como as partidas de créditos destinados para axudas sociais das que dispuña o comité.

*“Botamos xente fóra das casas a quen non lle correspondían por non ser traballadores, sendo un deles o vicario que vivía alí; ata tivemos que ir ao bispado porque negábase a marchar” (X. M. A.)*

Coa celebración das primeiras eleccións sindicais da democracia entre o 16 de xaneiro e 6 de febreiro de 1978, Xulio Montero sairá elixido como delegado e nomeado presidente do comité de empresa. Dito comité será o que leve a cabo as negociacións para o primeiro convenio colectivo baixo o control do INI en 1978, dando como resultado un convenio que *“adiantarase”* dous anos ao fixado polo Estatuto dos Traballadores en 1980. Dito convenio foi traducido ao galego converténdose no primeiro convenio bilingüe en Galicia. Tal será o seu impacto que o presidente do grupo, Ricardo Ibañez Ballano, encargárase de levalo a Madrid para ensinarllo aos representantes dos traballadores e empresas do INI como modelo a seguir. (ver anexo documental nº 5)

Antes da marcha de Fernando Bandeira a Latinoamérica, a Xulio Montero e a el chegaralles unha proposta por parte do director de Citroën da planta de Vigo, Luís Zapatero, de entrar a traballar en Citroën coa intención de formar un grupo de traballadores para constituír unha estrutura sindical, o famoso sindicato amarelo, que combatera as Comisións Obreiras. A resposta deles non puido ser máis rotunda: *“somos de Comisións Obreiras e endexamais as combateremos”*.

### 6.3. Escola de Formación Social de Vigo

A Escola de Formación Social de Vigo tratarase dunha iniciativa única en Galicia que comezará a camiñar no inverno de 1975 da man de Federico González-Fierro Botas<sup>76</sup>. A escola nace como consecuencia da inqueda dun grupo de traballadores de varias empresas de Vigo que se xuntan para estudar acerca do eido social e sindical daqueles anos, procurando profesores para daren talleres sobre o mundo obreiro. O profesor de Economía, Xoan X. Santamaría Conde, recolle nun artigo na revista Encrucillada que *“as actividades da escola diríxense fundamentalmente, así como en primeiro lugar, á clase traballadora e, en xeral, a todas aquelas persoas interesadas en coñecer a realidade socioeconómica que nos abrangue e os problemas conectados con ela, para analízalos obxectiva e criticamente e para actuar en consecuencia”*<sup>77</sup>. Federico González-Fierro pretendía que foxe unha ferramenta para a clase traballadora e que mediante a formación recibida adquirisen un criterio propio co que analizar e transformar as estruturas sociais, políticas, económicas e culturais. Da Misión Obreira, ademais de Federico González-Fierro e Xosé Antonio Graña, participarán nela Benito Santos e Xulio Montero, membro do órgano directivo, a través dos talleres formativo desenvolto na parroquia de San Francisco de Xavier e na de Santa Clara.

A escola comezará a súa actividade nos locais dos xesuítas da parroquia de Teis e nuns locais nas Camelias pertencente a un antigo colexio de relixiosas ata que se traslada a Velazquez Moreno nº 9 no 1976, onde contará cunha asesoría xurídico-laboral e un servizo de asistencia social. No seu primeiro ano darán clases, entre outros, Guillermo Fontán Feixóo sobre “Sindicalismo”, Xosé Antonio Graña sobre “Historia do movemento obreiro”, Eliseo Ruíz de Cortázar sobre “Como analizar as necesidades dun barrio”, Xosé M. Montero Santalla sobre “Teoloxía da Liberación” e o propio Xoan X. Santamaría sobre “Economía galega”. Tamén durante ese ano faranse relatorios sobre “Problemas médicos dos traballadores” e “O aumento constante do custe da vida e a depreciación” entre outras. En ditos relatorios chegarán a participar avogados laboristas como Fernando Randulfe ou escritores como Víctor F. Freixanes.

Para o curso 1976-77 planificáronse cursos sobre “Marxismo”, “Defensa laboral do traballador” e un relatorio sobre o tema “A muller traballadora en Galicia”, entre outros actos.

---

<sup>76</sup> SANTAMARIA CONDE, X.; “A Escola de Formación Social de Vigo”, *Encrucillada*, I, xaneiro-febreiro de 1977, páx. 92 a 95.

<sup>77</sup> *Ibíd.*, páx. 92.

O espírito da Escola de Formación Social reflexa ese sentir que se dera a comezos dos anos sesenta en conxugar o diálogo cristianismo-marxismo. Reflexo dela son as temáticas tratadas na escola así como a xente que as impartía, dende os sacerdotes Xosé Antonio Graña, Eliseo Ruíz de Cortázar e Xosé M. Montero Santalla, ata xesuítas como Fernando Randulfe, pasando por laicos como Guillermo Fontan Feixóo; demostrando así que Federico González-Fierro creou un tecido social implicando a personalidades de sectores diferentes, obreiro e intelectual, coa intención de traer a doutrina social da Igrexa ao mundo do traballo.

Segundo os datos recollidos do libro de memorias dos cursos da Escola de Formación Social (1975-1980), no primeiro ano inscribíronse ás clases 212 persoas, tendo unha media de 75 persoas nas palestras. Para os cursos 76-77, 77-78 e 79-80 asistirán unha media de 70, 458 e 734 de alumnos ás clases e de 80, 280 e 445 de asistentes os relatorios, respectivamente, o que demostra como esta tivo o seu éxito. Na Escola tamén daranse clases de lingua e cultura galega segundo recolle La Voz de Galicia<sup>78</sup>.

---

<sup>78</sup> La Voz de Galicia, 23 de xaneiro de 1983, pág. 33.

## 7. DEMOCRACIA E DESENCANTO (1978-1982)

No marco da crise do sector naval, a comezos de ano 1978 terá lugar en Vigo o conflito de ASCÓN que durará dende o 22 de febreiro ata o 7 de outubro dese mesmo ano, un dos conflitos máis lonxevos da historia sindical. O conflito estará protagonizado polo sindicato USO, ao ser maioritario na empresa, a través dos seus delegados sindicais, entre eles Benito Santos, ao ser maioritario na empresa.

O conflito virá precedido pola adquisición do 71,5 por cento da participación de ASCON o 10 de marzo de 1977 polo Grupo Pérez y Cía., propietario de Astilleros del Atlántico en Santander. Este grupo formulará a necesidade de reducir o cadro de persoal de ASCÓN que naqueles momentos era de 2.450 traballadores entre as dúas factorías, Riós en Teis e a de Meira-Moaña, incluído o persoal das empresas auxiliares. A nova dirección presentará un expediente de regulación de emprego que afectará a 241 traballadores, mais será rexeitado pola Administración Laboral ante a falta de documentación. O temor por parte dos traballadores a unha redución de persoal acabará provocando unha situación de tensión baixo a cal xurdirá o conflito; sendo o desencadeante unha concentración, o día 22 de febreiro, duns 500 traballadores na explanada da factoría, pechando previamente as portas e facendo un cinto de seguridade, coa consigna de premer á dirección para que anulase o despedimento dun traballador por insubordinación cara un mando. Benito Santos, como home que sempre avogou polo que dixese a maioría, nunca estivo de acordo coa medida adoptada, que impedirá a saída dos directivos, pois fora unha acción unilateral duns poucos traballadores<sup>79</sup>.

*“Démoslle unha desculpa a empresa para que os centros de traballo puidesen permanecer pechados durante oito meses” (B. S. G.)*

Como medida fronte á concentración dos traballadores a empresa decidirá pechar a factoría de Riós ao día seguinte e despide a 11 traballadores membros do xurado de empresa, entre os que se atopan: Benito Santos, Antero Comesaña, José Rodríguez Iglesias, Guillermo Fontan Feixóo, todos eles pertencentes a sección sindical de USO na empresa. Benito Santos e Guillermo Fontan xa foran sancionados con 6 meses de emprego e soldo no ano 1975 por participar en asembleas.

---

<sup>79</sup> A evolución do conflito pódese seguir a través das publicacións de La Voz de Galicia dende o 25 de febreiro ata o 8 de setembro de 1978. O relato dos feitos están sacados da dita fonte.



*“Meu delito consistía en razoar nas asembleas, demandar unidade e responsabilidade...”* (Testemuño de B. S. A. en *Curas Obreros*)<sup>80</sup>

*“Pouco sospeitoso de que os despedidos eramos as cabezas visibles do movemento sindical en ASCÓN”* (B. S. G.)

O comité de folga estará formado polos cargos sindicais da empresa entre os cales atoparase os 11 despedidos. O 2 de abril La Voz de Galicia publicará que a empresa ten intención de readmitir a tódolos despedidos a excepción dos que forman parte da sección de USO, manifestando a negativa de negociar con ela, facéndolle responsable do conflito. As negociacións lévanse a cabo no Ministerio de Traballo en Madrid polas direccións das centrais sindicais, USO, CC. OO e UGT, xunto coa representación dos traballadores de ASCÓN e coa directiva da empresa. En canto a representación dos traballadores terán que ser substituídos Benito Santos, Guillermo Fontán e José Rodríguez por outros traballadores ante a negativa da empresa de negociar con eles.

*“Eu era da comisión negociadora pero non participaba nas negociacións ao serme imposto un veto pola empresa de que eu non podía estar presente nelas. A dirección da empresa dicía que a miña elocuencia era incompatible coas negociacións. Tamén puideron pensar que era parte interesada no conflito e podía presentar máis guerra”* (B. S. G.)

A medida que desenvólvense as negociacións irá en aumento o malestar dos traballadores coas direccións estatais das ditas centrais sindicais, sobre todo con USO ao ser esta maioritaria na empresa. Os traballadores e o comité de folga achacaban que estas mantiñan unha postura de submisión ante a dirección da empresa e negábanse a admitir que a solución do conflito pasase pola aceptación dos despedidos xa que as centrais aceptaban entre 4 e 8 despedimentos en vez dos 18 que propuña a empresa. Concretamente UGT e CC. OO chegarán a un acordo coa empresa de efectuar 6 despedimentos e 31 sancións; acordo que será rexeitado de forma unánime polos traballadores en asemblea o día 23 de maio.

O conflito será resolto mediante arbitraje sendo designado como árbitro o propio ministro de Traballo, Rafael Calvo Ortega. O laudo darase a coñecer o sábado 7 de outubro dando así por rematado o conflito de ASCÓN, declarando o despedimento de 5 traballadores e

---

<sup>80</sup> CENTENO GARCÍA, J.; DIEZ MAESTRO, L.; PÉREZ PINILLOS, J.; “Curas Obreros, (...), *opus cit.*, pág. 47.

25 sancionados entre un ano e 15 días. Os despedidos eran, ademais de Javier Diéguez (o que orixinou o peche dos traballadores e declarado como procedente), Ricardo Castro, Benito Santos, Antero Comesaña e José Rodríguez, estes catro últimos recibirán unha indemnización de 750.000 pesetas. A Guillermo Fontán dáraselle a elixir entre ser sancionado con un ano ou ser despedido con indemnización de 750.000 pesetas (optará pola indemnización). Impoñeranse tamén sancións de 1, 2, 6 e 9 meses e de 15 días a 24 traballadores.

O día 9 de outubro ASCÓN volverá á normalidade nas súas dúas factorías despois de 7 meses e medio que durou o conflito que para uns será unha folga e para outros un peche patronal. Benito Santos, José Rodríguez Iglesias, Antero Comesaña, Ricardo Castro e Guillermo Fontán ante a situación de verse sen traballo e ser conscientes de que non ían atopar outro porque *“xa tiñan a cruz”*, decidirán por en marcha nos meses seguintes a seren despedidos unha cooperativa encadrada no sector do metal e cun cariz assembleario froito das folgas vividas.

*“Constituímola porque tiñamos o precedente da folga do 72 na que quedara moita xente despedida e montaran grupos de traballo, cooperativas, algunhas con éxito e outras sen el”* (B. S. G.)

A cooperativa terá por nome Ganaín onde, ademais dos cooperativistas, tamén haberá traballadores a soldo procedentes de ASCÓN e doutras empresas de Vigo. Benito só participará catro anos escasos pero darase conta de dúas cousas mentres está alí. A primeira é que agora xa non eran uns obreiros baixo a dirección dun patrón, o que os levará a ter que tratar coas reivindicacións dos traballadores: un grupo de traballadores, uns vinte, propuxeron aos cooperativistas un aumento de soldo en base ao convenio colectivo que recollía que se o custo da vida subía un tres por cento entón tiña que aplicarse unha revisión. O aumento supuña unhas 200.000 pesetas que eran perfectamente asumibles pois Ganaín repartía entre os cooperativistas a final de ano un dividendo dun millón de pesetas por cabeza. Benito propuxo recortar a ese dividendo unha parte a cada un que non ía supor gran cousa na nómina e así darllo aos traballadores. A maioría dos cooperativistas opuxéronse ao aumento; para Castro conceder iso aos traballadores supuña *“vicialos”*.

*“Volverámonos uns empresarios actuando e repetindo os mesmos comentarios que fai pouco nos dicían a nós”* (B. S. G.)

A segunda virá a raíz da decisión de Benito de abandonar a cooperativa por problemas de saúde. Cando comunica a súa decisión ao resto dos cooperativistas e traballadores estes

responderanlle que como ía a deixala cando fora el quen a puxera en marcha e convencera aos demais para elo, o que levará a Benito a *“experimentar como foi calando no ambiente esa presenza de apagar lumes, de saber que todos somos necesarios e que o final un faise imprescindible para o resto a base de retirar chanzos de prexuízos”*.

En canto ao Grupo de Empresas Álvarez, non será alleo á necesidade, por parte do INI, de facer unha redución de traballadores dado que as perdas económicas eran de 1.000 millóns de pesetas provocadas, principalmente, polo alto custe da man de obra ao ter un cadro de persoal de 3.200 traballadores. O 15 de xaneiro de 1980 o presidente do grupo comunicará ao comité de empresa que o INI viña de aprobar o plan de reestruturación do GEA que supuña unha inversión de capital e unha redución de 800 postos de traballo nunha primeira fase e outros 200 na segunda<sup>81</sup>.

As negociacións do segundo convenio colectivo co INI, no que tamén estará Xulio Montero, darase baixo unha situación de folga no grupo motivada pola redución de persoal. Ante a non aceptación da oferta, na que se relacionaba a reestruturación coa negociación do convenio, presentada pola dirección o 18 de xaneiro, os representantes dos traballadores solicitarán unha entrevista cos responsables do INI en Madrid. O 7 de febreiro os membros do comité de empresa acoden a Madrid para comunicarlles directamente a situación do grupo aos responsables do INI mais, ante a falta de recibimento, acordan permanecer pechados neste ata entrevistarse con algún responsable. Tras concederlles unha entrevista co señor Ibañez acordan retornar ás negociacións, suspendidas polas folgas convocadas, e que estas lévense a cabo de forma desleigada co asunto da redución do cadro de persoal<sup>82</sup>.

O labor dos curas da Misión Obreira no eido sindical non só se circunscribe a involucrarse activamente nos conflitos como acabamos de ver senón que tamén serán parte do proceso constituínte do novo sindicato nacionalista galego que xurdirá a raíz da escisión de USO Galicia, no que participarán Benito Santos González e Antón Gómez González. Esta escisión virá provocada, en primeiro lugar, pola solución do conflito de ASCÓN e a actuación de USO nela, aínda que o secretariado confederal declarará a arbitrase de *“rotunda vitoria”*, resaltando que o conflito fora protagonizado polos traballadores afiliados a USO na súa maioría e que estes rexeitaran a outras centrais sindicais. O parecer da dirección de Galicia, concretamente a de Vigo, era moi distinta; os militantes de USO de ASCÓN criticaban que as

---

<sup>81</sup> La Voz de Galicia, 16 de xaneiro de 1980, páx. 29.

<sup>82</sup> La Voz de Galicia, 9 de febreiro de 1980, páx. 39.

negociacións foran levadas a cabo pola xente de Madrid e non a de Galicia, ademais de que acordasen nun papel adxunto, durante a arbitrase, o despedimento de Guillermo Fontán a pesares de que no laudo dábaselle a este a posibilidade de elixir entre readmisión ou indemnización, a empresa sabía que se o readmitían “*volvían a ter o problema montado de novo*”, en palabras de Benito Santos.

A isto sumaráselle o novo rumbo que estaba a tomar a USO dende Madrid, pois estaba integrando sindicatos sectoriais independentes cun certo cariz clasista. Pola parte que lle tocaba a Benito acharíalles que se “*retirasen enseguida*” acerca do veto a participar na comisión negociadora imposto pola empresa e que non presentasen máis “*batalla*”. Este malestar acabará desembocando na escisión de USO Galicia sendo un dos seus promotores Guillermo Fontán. Durante o segundo fin de semana do mes de marzo terá lugar no colexio Sagrado Corazón en Placeres (Marín) unha asemblea onde participarán uns 300 sindicalistas de toda Galicia pertencentes a USO, na que estarán Benito Santos González e Antón Gómez González, coa intención de rachar definitivamente con esta e abrir un proceso constituínte para a formación da Confederación Sindical Galega (CSG)<sup>83</sup>. O propósito dos asistentes de constituír a CSG será “*lograr un sindicato de clase, asembleario, socialista e autoxestionado*”. No comunicado elaborado pola asemblea destaca que terán as portas abertas a participar nas diferentes accións sindicais que se poidan pór en funcionamento con outras forzas sindicais, que “*adopten unha práctica sindical consecuenta anticapitalista e liberadora de toda a clase traballadora*”.

Da asemblea resultarán elixidos unha coordinadora provisional encargada de por en marcha a nova central sindical na que quedará encadrado Antón Gómez pola parte de Vigo. Na CSG, ademais de sección sindical de USO da factoría de Ríos de ASCÓN, integraranse a sección sindical da factoría de Meira, a sección sindical de Citroën e a de Indugasa, con 10, 8 e 4 delegados respectivamente<sup>84</sup>. Os días 27 e 28 de setembro do 1980 terá lugar en Vigo o congreso constituínte da CSG, tendo unha vida corta este novo sindicato, pois en palabras de Benito “*non tiña sentido quedar nun sindicato pequeno*” e en setembro de 1982 fusionaranse coa Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos (INTG)<sup>85</sup>. Dicar que dentro da INTG

---

<sup>83</sup> La Voz de Galicia, 11 de marzo de 1980, páx. 47.

<sup>84</sup> La Voz de Galicia, 21 de marzo de 1980, páx. 36.

<sup>85</sup> MÁIZ VÁZQUEZ B.; ALONSO B.; *O sindicalismo nacionalista galego 1972-1982*, A Nosa Terra, 2003, páx. 100.

tamén se atopará a Unión de Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG) da que formaba parte dende 1974 Francisco Carballo<sup>86</sup>. (ver anexo documental nº 8 e nº 9)

Benito Santos, como se dixo antes, deixará Ganaín aos 42 anos e decidirá prepararse para ser celador e logo dar o paso a enfermeiro. Mentres estuda na Escola de Enfermería de Vigo prodúcese unha folga nesta con motivo de querer suprimila, como xa fixeran coa de Pontevedra e a de Ourense; a folga comezarana facendo os profesores e médicos. Benito atopábase no terceiro ano de enfermería cando sucede a folga e por mor desta suspendéronse os exames de maio e moita xente quedou esperando por eles porque xa tiñan os contratos de verán. A reacción dos alumnos non se fixo de esperar botándolle a culpa aos profesores en folga e querendo *“queimar os seus coches porque haber quen eran eles para facer folga”*. Ante esta situación de tensión interveu Benito facendo entrar en razón aos alumnos:

*“Dixenlle que tiñan en parte razón pero que este non era só un problema dos profesores nin nosa, senón tamén da cidade de Vigo, nós tiñamos que defender a escola porque era unha maneira de defender tamén os nosos postos de traballo futuro e dos que veñan detrás”* (B. S. G.)

Benito co seu enfoque conseguiu darlle a *“volta a tortilla”* e en pouco tempo os propios alumnos comezarán a formar comisións xunto cos profesores e médicos, ter reunións coas autoridades e ir a Santiago e a Madrid a protestar; o resultado foi que conseguirán salvar a escola e examinarse en xullo.

*“A miña intervención non só foi beneficiosa para o conxunto, persoalmente tamén, xa que un profesor que non facía exame dixo que tiña un concepto de cada un de nós, polo cal acaboume pondo matrícula de honra grazas a que o meu papel fora decisivo para a salvación da escola”* (B. S. G.)

---

<sup>86</sup> PROL, S.; CARBALLA, X.; “Conversas con Francisco Carballo, (...), *opus cit.*, páx. 120.

## 7.1. Fin da experiencia dos curas obreiros

A chegada ao papado de Juan Pablo II o 16 de outubro de 1978 suporá o peche definitivo da experiencia dos curas obreiros que abrira o Vaticano II; mostra disto é o discurso que o novo papa dá o día 19 de abril de 1979 na diocese de Bolonia (Italia), matizando o recollido na carta dirixida aos sacerdotes con ocasión do Xoves Santo de 1979. En dito discurso opónse a laicización dos sacerdotes e resalta o papel tradicional destes, evanxelizador e sacramental, que non debe “*abandonar o traxe eclesiástico, caer na asimilación dos costumes múdanos ou tomar un oficio profano; non sendo este o camiño para achegarse eficazmente ao home de hoxe*”<sup>87</sup>. Este novo papa tiña unha visión totalmente contraria ao *aggiornamento*<sup>88</sup> que propuxera o Vaticano II, chegando a destituír aos bispos próximos ás ideas conciliares por outros cunha ideoloxía afín a súa. Tamén levará a cabo unha cruzada contra o comunismo chegando a forxar alianzas cos neoliberalistas Margaret Thatcher e Ronal Reagan, sendo fundamental a encíclica *Centésimus annus*, así como contra a Teoloxía da Liberación.

Ademais da restauración das posicións máis conservadoras na Igrexa, outro motivo que afectará ao movemento dos curas obreiros será a crise que estaban a sufrir os seminarios debido que ás ideas do Concilio “*tiveron un forte impacto respecto ao modelo de formación tradicional do sacerdote, cuestionando o valor, a necesidade e a existencia da institución do Seminario herdado de Trento*”<sup>89</sup>.

<b>Igrexa en España<sup>90</sup></b>	<b>1960</b>	<b>1965</b>	<b>1970</b>	<b>1975</b>	<b>1980</b>
<b>Novos sacerdotes</b>	1.024	789	419	219	168
<b>Seminaristas maiores</b>	8.021	8.079	4.978	2.371	1.684

<sup>87</sup> Discurso do Santo Pai Juan Pablo II a un grupo de sacerdotes italianos de Bolonia, xoves 19 de abril de 1979 ([http://w2.vatican.va/content/john-paul-ii/es/speeches/1979/april/documents/hf\\_jp-ii\\_spe\\_19790419\\_sacerdoti-bologna.html](http://w2.vatican.va/content/john-paul-ii/es/speeches/1979/april/documents/hf_jp-ii_spe_19790419_sacerdoti-bologna.html))

<sup>88</sup> A expresión *aggiornamento* é un termo italiano que significa “actualización”. Dita expresión foi popularizada polo papa Juan XXIII durante o Vaticano II.

<sup>89</sup> RODRÍGUEZ LAGO, J.; *El Vaticano II y su impacto entre el clero en España (1959-1979)*, *Revista Gerónimo de Uztariz*, nº 32, 2016, páx. 71.

<sup>90</sup> Táboa elaborada polo propio autor en base aos datos obtidos en *ibídem*, páx. 72.

Sendo así significativo para o movemento dos curas obreiros que, tras accederen estes á xubilación, non houbera un relevo xeracional ao seren actualmente a redor dunha centena de curas obreiros, a maioría deles xubilados, cando ao longo dos anos chegaran a superar o millar de curas obreiros no Estado español<sup>91</sup>.

Esta falta de novos curas obreiros será provocada pola suma de dous factores: o primeiro cuantitativo, menor número de persoas que accedían ao sacerdocio; o segundo cualitativo, o seminario xa volvera ser copado polas posicións conservadoras polo que as ideas conciliares enterraríanse e estas non chegarán a ser xermolo entre os poucos seminaristas.

Isto afectará á Misión Obreira viguesa que, trala perda de efectivos a partir de 1976, xa sexa pola marcha de Fernando Bandeira a Latinoamérica ese mesmo ano, ou polas solicitudes de secularización de Xosé Antonio Graña Nogueiras, Antón Gómez González e Isidro López, irá esmorecendo ao non ser esta renovada coa integración de novos membros que a revitalicen, o cal non quere dicir que os curas obreiros restantes (e os secularizados) non continuasen a desenrolar o labor que viñan facendo, como queda demostrado polo exposto nos anteriores capítulos<sup>92</sup>.

En clave política e social do Estado español, este proceso conservador eclesiástico darase durante os anos de goberno español da UCD (1976-1982) e do goberno na Xunta de Galicia, primeiro da UCD (1977-1982) e despois da Alianza Popular (1982-1987), consolidándose coa vitoria do PSOE nas eleccións xerais de outubro de 1982 que suporá a culminación do proceso de transición entre o franquismo e a democracia. Ponse así punto e final ás aspiracións dos partidarios dunha democracia popular ou dunha Igrexa do pobo, que apostaban pola ruptura co modelo liberal-capitalista e coa Igrexa xerárquica.

Ante a crecente oposición da xerarquía eclesiástica e as dificultades de manter a actividade, os curas obreiros veranse na necesidade de organizarse no Colectivo Estatal de Curas Obreiros como resultado dunha reunión en Pozuelo de Alarcón, Comunidade de Madrid, en 1982, dándolle así unha estrutura nacional. A partir de dito evento terán lugar encontros de curas obreiros en distintos puntos da xeografía española.

---

<sup>91</sup> CENTENO GARCÍA, J.; DIEZ MAESTRO, L.; PÉREZ PINILLOS, J.; “Curas obreros, (...), *opus cit.*, pág. 19.

<sup>92</sup> Xosé Antonio Graña Nogueiras foi presidente do Movemento Galego pola Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN) entre 2015 e 2016.

## CONCLUSIONES

Dicía o profesor George Steiner que “*o que non se nomea, non existe*”, pois no caso dos curas obreiros e a súa implicación no movemento obreiro-sindical, dita cita é perfectamente aplicable. Cando un lee acerca do sindicalismo no Estado español apenas faise referencia á achega feita polos católicos e, cando é así, tanto só das organizacións especializadas de Acción Católica, HOAC, JOC, Hermandades..., noutras palabras, da contribución dos laicos pero non dos curas obreiros, a excepción das publicacións en torno a figura destes, sempre elaboradas por autores pertencentes ou implicados no movemento, carecendo así dunha análise científica.

O que se pretende con este Traballo de Fin de Grao é por nome a aqueles curas que, optando por un apostolado no mundo obreiro, participaron como axentes sociais na loita sindical. O achegamento ao movemento sindical prodúcese unha vez que muda a percepción que os traballadores tiñan acerca destes curas, do receo á confianza, mostrándose a hora de seren votados nas eleccións sindicais. Isto será grazas á forma de predicar destes curas con feitos e non con palabras, asumindo como propias as reivindicacións da clase obreira e que, carecendo de calquera privilexio eclesiástico, foron obxecto de represión pola súa actividade sindical e social. Ben é certo que a pesares de seren uns activos valiosos no eido sindical e nos seus sindicatos nunca buscaron o protagonismo que os levara a facer “carreira” no sindicato.

O Concilio Vaticano II foi clave no movemento dos curas obreiros, sendo o “caldo de cultivo” que confirmase a aposta deses curas franceses que optaran por un sacerdocio no mundo obreiro e ao mesmo tempo propiciou a que florecese noutros estados, como no Español, o apostolado dos curas obreiros xa nun ambiente postconciliar. Tamén é certo que se o Vaticano II apoiou a vía dos curas obreiros foi porque atopou nestes aos axentes evanxelizadores que precisaba a nova Igrexa que estaba a xurdir do concilio. Non obstante, o Vaticano II non rebaixou a pretensión de que o movemento fose supeditado á xerarquía; se antes do concilio o apostolado dos curas obreiros foi restrinxido en 1954 e prohibido en 1959 pola curia vaticana, a partires do concilio os curas deberán de contar coa aprobación da autoridade competente. Esta autorización ven motivada polo medo a que o traballo manual fose incompatible co exercicio dos ministerios, podendo o sacerdote “caer” no mundano, afastándose así da súa tarefa principal que non é outra que a evanxelización dos obreiros. Froito deste temor será á imposición de que os curas que opten por traballar nas fábricas non poidan exercer cargo sindical algún nin ocupar o espazo destinado ao laico. Preto destas imposicións camiñarán tanto as normas provisionais da Conferencia Episcopal en 1968 como a pastoral de Delicado Baeza en 1972.



O feito de que os curas obreiros operasen en cidades como Vigo e en menor medida Ferrol non é casualidade por dous factores: o primeiro, ámbalas cidades na década dos 60 e 70 eran o motor industrial e obreiro de Galicia polo cal dábase o ambiente necesario para que estes curas entrasen en contacto co mundo obreiro, concretamente os curas de Vigo asentáranse nos barrios obreiros de Teis, Lavadores e Cabral alí onde a pobreza era palpable; o segundo factor era a presenza nas dioceses correspondentes a ditas cidades de bispos proclives aos aires conciliares que permitiron ese apostolado porque, como xa vimos, residía nestes a decisión de autorizar ou non a experiencia dos curas obreiros.

En canto a Misión Obreira, esta nunca gozou dunha estrutura oficial por parte do bispado a diferenza da *Mission de France* ou a de *Paris*. Esta misión, simplemente reflectía, a modo de identificación, o labor proletario e ministerial que realizaban os curas obreiros na cidade de Vigo, polo cal podemos dicir que a Misión Obreira viguesa non deixa de ser un nome co que designar a un colectivo e as súas accións. Máis que falar dun colectivo, escaso no cuantitativo pero relevante no cualitativo, falaríase de individuos que coas súas accións en cadansúas fábricas conseguiron, en maior ou menor medida, crear unha escola de formación e concienciación da clase traballadora, sendo exemplo máis significativo a Escola de Formación Social.

A pesares de que o bispo non aceptara a proposta de constituír a Misión Obreira como ben querían os seus membros, estes continuarían coa súa misión demostrando que o movemento dos curas obreiros era unha vía experimental, case utópica, e ben ligada á incerteza. A negativa do bispo suporá un “contratempo” para algún dos membros da Misión Obreira que acabará por abocalo a desligarse da Igrexa institucional a través da secularización pero mantendo a súa crenza na Igrexa popular.

Para rematar, a día de hoxe os curas obreiros preséntanse como os piares conciliares que perduraron á chegada do conservadorismo católico de Juan Pablo II que pechou definitivamente a vía dos curas obreiros. Non obstante, estes seguen a participar no mundo sindical, a través das plataformas de xubilados, ou como dinamizadores sociais e relixiosos nas parroquias onde están encadrados. As persoas entrevistadas xamais deixarán de ser curas obreiros, a pesares de estar xubiladas ou secularizadas, ao entender que ser cura obreiro é unha opción de vida acorde a unha conciencia emanada dos evanxeos.

## BIBLIOGRAFÍA E FONTES CONSULTADAS

- BERZAL DE LA ROSA, E.; “Sotanas, martillos y alpargatas. Las contradicciones de un movimiento obrero impulsado por el clero”, *De la cruzada al desencanche: la Iglesia española entre el franquismo y la transición*, (Dir. ORTIZ HERAS, M.; GONZÁLEZ, D.), Sílex, Madrid, 2011.
- BOTEY, J.; *Curas Obreros. Compromiso de la Iglesia con el mundo obrero*, Cristianisme i Justícia, Barcelona, 2011.
- CABADA CASTRO, M.; *O Padre Seixas desde dentro. Unha aposta progresista, galeguista e universalista*, SEPT, Vigo, 2013.
- CENTENO GARCÍA, J.; DIEZ MAESTRO, L.; PÉREZ PINILLOS., J.; *Curas obreros*, Herder, Barcelona, 2009.
- DOMINGUEZ Q.; CABADA, M.; GÓMEZ XURXO S.; *O Padre Xaime Seixas Subirá. Pregoeiro da irmandade*, SEPT, Vigo, 2015.
- FUNDACIÓN 10 DE MARZO; UNIÓN COMARCAL DE CC. OO DE VIGO; Vigo Obreiro. O periódico das CC. OO de Vigo, Fundación 10 de Marzo, Santiago de Compostela, 1997.
- GÓMEZ ALÉN, J.; *As CC.OO. de Galicia e a conflictividade laboral durante o franquismo*, Xerais, Vigo, 1995.
- GÓMEZ ALÉN, J.; SANTIDRIÁN ARIAS, V.; *Historia de comisión obreiras de Galicia nos seus documentos*, Edicios do Castro, A Coruña, 1996.
- GURRIARÁN, R.; *Inmunda escoria*, Xerais, Santiago de Compostela, 2010.
- HUSILLOS TAMARIT, L.; “Profeta del Evangelio en tierra extraña. Madeleine Delbrêl”, *Revista de Espiritualidad*, nº 64 Xullo-Decembro, 2005.
- LAGO PEÑAS, P.; *La construcción del movimiento sindical en sistemas políticos autoritarios: Las Comisiones Obreras de Galicia*, Catarata, Madrid, 2011.
- MÁIZ VÁZQUEZ, B.; ALONSO, B.; *O sindicalismo nacionalista galego 1972-1982*, A Nosa Terra, 2003.
- MARTÍNEZ GARCÍA, X.; *A igrexa antifranquista en Galicia (1965-1975)*, Edicios do Castro, A Coruña, 1995.
- MONTERO GARCÍA, F.; “La Iglesia dividida. Tensiones intraeclesiales en el segundo franquismo”, *De la cruzada al desencanche: la Iglesia española entre el franquismo y la transición*, (Dir. ORTIZ HERAS, M.; GONZÁLEZ, D.), Sílex, Madrid, 2011.

- MONTERO GARCÍA, F.; *La Acción Católica y el franquismo. Auge y crisis de la Acción Católica Especializada*, UNED, Madrid, 2000.
- MONTERO GARCÍA, F.; MORENO CANTANO, A.; TEZANOS GANDARILLAS M.; *Otra Iglesia. Clero disidente durante la Segunda República y la guerra civil*, Trea, Gijón, 2013.
- PROL, S.; CARBALLA, X.; *Conversas con Francisco Carballo*, A Nosa Terra, Santiago, 2002.
- RÉTIF, A; “Los sacerdotes obreros franceses”, Signos del Tiempo, Paris.
- RODRÍGUEZ LAGO, J.; “¿Atado y bien atado? El clero gallego del posconcilio a la transición (1965-1982)”, *La transición en Galicia*, (Dir. PRADA RODRÍGUEZ, J.), Biblioteca Nueva, Madrid, 2019. En imprenta.
- RODRÍGUEZ LAGO, J.; “De la larga noche de piedra al despertar. La Iglesia y los católicos de Galicia entre la cruzada y la transición a la democracia”, *De la cruzada al desenganche: la Iglesia española entre el franquismo y la transición*, (Dir. ORTIZ HERAS, M.; GONZÁLEZ, D.), Sílex, Madrid, 2011.
- RODRÍGUEZ LAGO, J.; “El Vaticano II y su impacto entre el clero en España (1959-1979)”, *Revista Gerónimo de Uztariz*, nº 32, 2016.
- RODRÍGUEZ LAGO, J.; *La Iglesia en la Galicia del Franquismo (1936-1965)*, Edicions do Castro, A Coruña, 2004.
- RODRÍGUEZ LAGO, J.; “Las asambleas del clero en la Galicia de 1971”, *La Asamblea Conjunta de Obispos y Sacerdotes. Estudios diocesanos*, (Dir. MONTERO GARCÍA, F.; CARMONA, F.; LOUZAO, J.), Universidad de Alcalá de Henares, Madrid, 2019.
- SÁNCHEZ, A.; MAR ARAUS, M.; “Editorial ZYX, S.A.: Editorial Obrera contra el Franquismo”, *Revista Social and Education History (HSE)*, vol 4, nº 3, 2015
- SANTIDRIÁN ARIAS, V.; GÓMEZ ALÉN, J.; *Vigo Obreiro. O periódico das CCOO de Vigo*, Fundación 10 de Marzo, Santiago de Compostela, 1997.
- TABARES. E.; *Los curas obreros: su comportamiento y su espíritu*, Nueva utopía, Madrid, 2005.
- TORRES BARRANCO, F.; *De los Curas-Obreros a los Obreros-Curas: El sacerdote en el trabajo en la Diócesis de Cádiz, 1966-1979*, Tesis doctoral da Universidade de Cádiz, Cádiz, 2016.
- UNIÓN COMARCAL DE CC. OO DE VIGO; *Movemento Obreiro. Motor de cambios sociais. Onte, Hoxe, Mañá*, Unión Comarcal de CC. OO de Vigo, Vigo, 1996.
- VINATIER, J.; *Le Cardinal Liénart et la misión de France*, Le Centurion, París, 1978.

- VV. AA.; *O padre Xaime Seixas Subirá. Pregoeiro da irmandade*, SEPT, Vigo, 2015.
- VV. AA.; *Unha Voz para un Tempo de Silencio*, Caranza. AA. VV. “Cuco Ruiz de Cortázar”, Ferrol, 2009.

## **PRENSA DA EPOCA**

- ABC, Madrid.
- Boletín Oficial del Obispado de Tuy-Vigo (BOOT)
- El País.
- La Voz de Galicia.
- Revista Encrucillada (<http://encrucillada.gal/index.php?s=10>)

## **FONTES DIXISTAIS**

- Archivo Linz de la Transición española (<https://linz.march.es/documento.asp?reg=r-12047>)
- Conferencia Episcopal  
([https://www.conferenciaepiscopal.nom.es/archivodoc/jsp/system/win\\_main.jsp](https://www.conferenciaepiscopal.nom.es/archivodoc/jsp/system/win_main.jsp))
- La Santa Sede  
([http://www.vatican.va/archive/hist\\_councils/ii\\_vatican\\_council/index\\_sp.htm](http://www.vatican.va/archive/hist_councils/ii_vatican_council/index_sp.htm))
- Fundación Moncho Reboiras (<https://www.fundacionmonchoreboiras.gal/inicio.html>)

## **FONTES AUDIOVISUAIS**

- Radio Televisión Española (<http://www.rtve.es/alacarta/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-coloquio-curas-obreros/3142191/>)

## **ARQUIVOS**

- FUNDACIÓN PENZOL
  - {{{{{ES.GA.}}}} {{{{{36057. AFP}}}} 2.2.09.02 Sindicalismo nacionalista.
    - 2.2.09.02.01 CA-0210/001 Sindicato Obreiro Galego (SOG)
    - 2.2.09.02.06 CA-0211 Intersindical Nacional Galega / Intersindical Nacional de Traballadores Galegos.

## FICHA TECNICA DOS ENTREVISTADOS

Nome e Apelidos.	Antón Gómez González	Benito Santos González	Xosé Antonio Graña Nogueiras	Xulio Montero Álvarez
<b>Lugar, día e duración das entrevistas.</b>	Tres sesións na casa do entrevistado: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 21 de febreiro, de 18:30 a 19:30</li> <li>• 4 e 23 de abril, de 17:00 a 19:30</li> </ul>	Tres sesións no Colexio Apóstolo Santiago: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 26 de febreiro, de 17:00 a 18:30</li> <li>• 25 e 27 de marzo, de 17:00 a 19:00</li> </ul>	Tres sesións nunha cafetería do barrio de Lavadores: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 25 de febreiro, de 17:15 a 18:30</li> <li>• 1 e 8 de abril, de 17:00 a 19:00</li> </ul>	Tres sesións nunha cafetería do barrio de Navia: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 28 de febreiro, de 10:00 a 10:45</li> <li>• 26 e 31 de marzo, de 18:00 a 20:30</li> </ul>
<b>Situación actual.</b>	-Solicitude de secularización en 1977, casado en 1980 e secularizado en 1985. -Ex-frade da congregación dos paúles. -Xubilado da profesión de avogado.	-Sacerdote, pertencente á Orde dos Xesuítas. -Xubilado laboralmente.	-Solicitude de secularización en 1975, casado en 1980 e secularizado no mesmo ano. -Ex-cura diocesano. -Xubilado laboralmente.	-Sacerdote diocesano na diocese de Tui-Vigo. -Xubilado laboralmente.
<b>Resumo biográfico.</b>	-Nado en 1945 en Maceda, Ourense, no seno dunha familia labrega. -1957-1963: ingreso no colexio dos Paúles en Baños de Molgas. -1963-1967: noviciado en Hortaleza, Madrid, xunto con 1º e 2º de Filosofía. -1967-1971: cursa 1º, 2º e 3º de Teoloxía no seminario dos Paúles en Salamanca -1971-1972: licenza de teoloxía na Universidade Pontificia en Salamanca. -1972-1973: destinado a Huelva onde estará 8 meses ata que Francisco Carballo o recrute para ir a Vigo.	-Nado en 1939 en Corvillon, Cambados (Pontevedra), no seno dunha familia labrega. -1956-1961: noviciado nos xesuítas en Salamanca -1961-1964: cursa estudos de Filosofía en Salamanca e en Comillas. -1964-1966: cursa maxisterio en Xixón. -1966-1970: cursa estudos de Teoloxía na Universidade Pontificia en Madrid.	-Nado en 1938 en Cangas do Morrazo, no seno dunha familia dedicada a pesca. -1950-60: acceso ao seminario de Tui-Vigo. -1960-1964: cursa Teoloxía no seminario diocesano de Santiago de Compostela. -1965-1969: destino as Minas de Oruro en Bolivia traballando como promotor social cos indíxenas.	-Nado en 1938 en Castrelo de Miño (Ourense), nunha familia dedicada á agricultura, especialmente á produción e elaboración de viño do Ribeiro. -1952-1964: acceso ao seminario diocesano de Ourense. -1965-1970: destino seminario de Cochabamba (Bolivia) como encargado de estudos para o último ano ser reitor do mesmo.

## DOCUMENTOS ANEXOS

- ANEXO Nº 1: lista da recadación de cartos efectuada para as familias dos traballadores afectados pola folga publicada en “Vigo Obreiro, nº 3, setembro de 1972”. Pódese observar a contribución feita polos movementos católicos.

<i>LISTA nº 1</i>	
<i>F.S.M. FEDERACIÓN SINDICAL MUNDIAL</i>	<i>150.000</i>
<i>S.S. SINDICATOS SOVIÉTICOS</i>	<i>150.000</i>
<i>COMITÉ ANTIREPRESIVO (MADRID)</i>	<i>30.000</i>
<i>M.D.M. MOVIMIENTO DEMOCRÁTICO DE MUJERES (MADRID)</i>	<i>20.000</i>
<i>M.D.M. MOVIMIENTO DEMOCRÁTICO DE MUJERES (VIGO)</i>	<i>18.000</i>
<i>MANIFESTACIÓN DE ORTAS (BARCELONA)</i>	<i>10.000</i>
<i>TRABAJADORES DE MASSO Y PARROQUIA DE CANGAS</i>	<i>20.150</i>
<i>MOVIMIENTOS CATÓLICOS</i>	<i>20.000</i>
<i>FACULTAD CIENCIAS POLÍTICAS (MADRID)</i>	<i>1.200</i>
<i>ESTUDIANTES DE SALAMANCA</i>	<i>8.335</i>
<i>OBRAERO DE LAVADORES</i>	<i>500</i>
<i>CC.OO. COMISIONES OBRERAS DE VIGO</i>	<i>464.185</i>
<i>ENTREGADAS:</i>	<i>200.000</i>

(Fonte: GÓMEZ ALÉN J.; SANTIDRIÁN ARIAS V.; *Historia de Comisiones Obreiras de Galicia nos seus documentos*, Edicios do Castro, A Coruña, 1996)

- ANEXO N° 2: lista da recadación de cartos efectuada para as familias dos traballadores afectados pola folga publicada en "Vigo Obreiro, nº 5, decembro de 1.972". Nesta lista pódese observar a contribución feita pola JOC.

# LA SOLIDARIDAD CON VIGO

Continúa llegando despida de 3 meses la Solidaridad Económica con los despedidos de la huelga de Vigo, cuyas cantidades son publicadas en "VIGO OBREIRO".

LISTA de R.

Caja Antirregresivo Davion	197.000	CITROEN .....	488.100
R.E. ....	5.000	ALVAREZ .....	234.500
C. 1215 .....	12.000	BARRERAS .....	231.600
C. 1216 .....	2.700	ASTILLEROS Y CONST. (RIOS)	55.000
Novimontos Cardenas .....	112.000	VULCANO .....	29.000
Movto. Dam. Mujeres "MARTINA"	16.000	CENSA .....	64.750
Comisiones Obreras "VIGO"	2.600	FREIRE .....	33.500
Contratista Casapalacio .....	200	ANAVAIL .....	40.000
Martinez .....	100	FORJAS .....	10.000
R. ....	100	CONSTRUCCION .....	6.000
C.E. ....	100	FUMENSA .....	14.000
T.C. ....	500	VARIOS .....	38.950
Estudiantes .....	15.	TOTAL ENTREGADO a 20.12.72	
Comisiones Antirregresivo .....	1000	Ptas. 1.245.400	
Periodista .....	500		
J.O.C. ....	100.000		
Villagarcia .....	500		
Villorrias .....	700		
Despedido de Citrona .....	500		
CC.OO. - UGT - USO (Vigues) .....	20.000		
CC.OO. de Segundo y Villorrias .....	6.000		
Grupo Teatro (SANTO) .....	22.225		
Coveras Formadoras .....	2.000		
<b>TOTAL DESTA HUELGA TRBS</b> .....	<b>636.780</b>		
<b>TOTAL RECIBIDO a 20.12.72</b>			
Ptas - 1.245.920,00			

---

ENTREGAS. Hasta el 20 de febrero. (entregas de Novimontos y Martina.)

Se han hecho las entregas con una media de 5.000 pesetas para los trabajadores despedidos en la huelga de trabajo en el grupo de la J.O.C. de Alvarez y el de Barreras, todos ellos cargos sindicales, con el cobro de sus salarios en la forma indicada el juicio por su situación de implico y sueldo.

Las cantidades de los cartos entregados por empresas son:

¡ VIGO OBREIRO ES TU PERIÓDICO !  
 !! COLABORA EN EL !!  
 ¡ ENVIANOS TUS COLABORACIONES !

=====


¡ EN TODAS LAS FABRICAS ORGANICEMOS COMISIONES OBRERAS +

=====

¡ TRABAJADOR !  
 ORGANIZATE EN LA COMISION OBRERA DE TU FABRICA

---

LEE Y DIFUNDE "VIGO OBREIRO"



¡ AIRIROS, AIRIROS, AIRIROS ...

(Fonte: FUNDACIÓN 10 DE MARZO; UNIÓN COMARCAL DE CC. OO DE VIGO; *Vigo Obreiro. O periódico das CC. OO de Vigo*, Fundación 10 de Marzo, Santiago de Compostela, 1997)

- ANEXO N° 3: lista da recadación de cartos efectuada para as familias dos traballadores afectados pola folga publicada en "Vigo Obreiro, n° 6, febreiro de 1973". Pódese observar a contribución feita polos movementos católicos.

LA SOLIDARIDAD CON VIGO		Pag. 4	
<p>Continúa llegando después de 4 meses la solidaridad económica con los despedidos de la huelga de Vigo, cuyas cantidades son publicadas en "VIGO OBREIRO".</p>			
LISTA NUM. 4			
Subnormal .....	17	Pintor de Vigo .....	3.200
Paralleda .....	47	Matemático de Madrid ...	500
Nº. 5 .....	50	2 empresas de Artes Gráficas de Madrid .....	1.175
Nº. 11 .....	33	Obreros de Alemania ....	17.000
Paroja COSA .....	80	Total recogido a partir de la asamblea de frente común en contra de la resolución fascista en Barcelona .....	
50 y 50 .....	100		45.000
Hermana y 3 compañeras de trabajo .....	75	Artista de Vigo .....	1.200
Barna .....	100	Comité obreros de Aranjuez .....	5.000
Familia .....	75	Barrios de Madrid	20.600
I.P. ....	300	Fábricas de Metal	2.000
A.E. ....	7.110	Químicas .....	1.700
D.M. ....	1.250	Textil .....	400
Campo .....	1.250	Artes Gráficas ..	200
Hierro .....	50	Trabajadores Suizos	10.000
Franco .....	100		39.900
Lute .....	100	(Esta cantidad se ha recibido desde Madrid a través de O.R.T.)	
Camarca .....	50	Comunidad Cristiana de Madrid .....	36.250
Abogado .....	25	TOTAL LISTA NUM. 4 ... 264.175	
Rubio .....	100	TOTAL RECIBIDO A 31.1.73	
Intelecto .....	350	Ptas. 1.604.195	
Biologa .....	25	ENTREGAS: Desde 21.12.72 a 31.1.73	
Gafas .....	25	Se han hecho 52 entregas con una media de unas 4.200 ptas. Los compañeros despedidos van encontrando trabajo y van agregándose. Las cantidades totales repartidas son:	
Roque .....	100	CITROEN	539.600
Gelo .....	100	ALVAREZ	322.500
Vigo .....	300	BARNERAS	270.600
Grupo Eulalia .....	900	VULCANO	46.500
Extremofia .....	100	CONSTRUC.	6.000
Estudiante .....	80	FUMENSA	14.000
Asamblea 29/10 .....	5.416	AST.yG.Rios	55.000
Anónimo .....	50	CENSA	71.850
F.C.E. (i) (l.p.) .....	20.000	PRETTE	33.500
Pioneros .....	500	AUNAVAI	50.000
Hotel .....	50	PORJ.EINOR	10.000
Urni .....	100	VARIOS	41.450
Rosario .....	300	TOTAL ENTREGADO A 31.1.73	
Joaquín .....	500	Ptas. 1.461.000	
Murra .....	200	LA ASAMBLEA OBRERA ES EL ORGANISMO SUPREMO DE LOS TRABAJADORES	
Grupo G.A. ....	302		
Eulalia .....	500		
Ramón .....	900		
Nov. Juvenil .....	500		
Chicos .....	200		
Barrio del Bajo .....	3.390		
Nov. Dom. Mujeres de Madrid	20.000		
Nov. Católicos y Gallegu.	97.350		
Banco de Bilbao .....	2.600		

(Fonte: FUNDACIÓN 10 DE MARZO; UNIÓN COMARCAL DE CC. OO DE VIGO; Vigo Obreiro. O periódico das CC. OO de Vigo, Fundación 10 de Marzo, Santiago de Compostela, 1997)



- ANEXO Nº 4: reunión de veteranos sindicalistas de CC. OO con motivo da celebración do 30 aniversario da constitución das primeiras CCOO na cidade de Vigo, así como o aniversario da Folga Xeral de setembro do 72.



*D*e esquerda a dereita: Salvador, Waldino, Julio, Carmen, o alcalde -Sr. González Príncipe-, Manuel, Marta, Manel, Bacariza, Benavides, Jaime, Eulogio. Agachados: Figueroa, Belarmino, Mariño, Balado, Eduardo, Leirós.

(Fonte: UNIÓN COMARCAL DE CC. OO DE VIGO; Movemento Obrero. Motor de cambios sociais. *Ontes, Hoxe, Mañá*, Unión Comarcal de CC. OO de Vigo, Vigo, 1996.

- ANEXO Nº 5: Convenio Colectivo Grupo de Empresas Álvarez 1978.



#### L I M I A R

*Este Convenio, froito de longas e difíciles negociacións na árdua tarefa de armonizar as naturais diferencias de criterios entre traballadores e Dirección, tenciona ser o instrumento aceptado que nos permita consolidar a marcha favorable do Grupo de Empresas Álvarez facéndonos saír, definitivamente, da difícil situación que todos herdamos.*

*Consolidar esta situación favorable, co respecto e asunción das esixencias mutuas, esixe, xa que logo, o esforzo e a responsabilidade de todos. Neste sentido, a Dirección introducirá as melloras necesarias na organización, técnica e métodos de produción que, xunto co necesario esforzo dos traballadores, nos permitan, conxuntamente, acrecentar o rendimento da produción pra beneficio de todos.*

#### I. NORMAS XENERAIS

1. Este Convenio é de aplicación no Grupo de Empresas Álvarez, S. A. e Porcelanas de Vigo, S. A., nos seus Centros de Traballo de Vanosa, Cabral-Cerámica, Pontesa, Moahsa, Pontesani, Povisa e Delegacións, quedando afectado todo o personal que nestora compón a súa plantilla, así como o que poida ingresar durante a súa vixencia. Quedan exceptuados deste Convenio os directivos entendéndose como tal a partir de Director de fábrica ou equivalente.
2. O presente Convenio entrará en vigor a tódolos efectos a partir do 1.º de Xunio do 1978, con remate o 31 de Maio do 1979 unha vez homologado pola Autoridade Laboral.  
  
Con efectos de 1.º de Xaneiro do 1979 incrementaránse o salario do Convenio e o Plus de Transporte, tomando o índice de Coste de Vida Oficial do Instituto Nacional de Estadística e calculando a súa evolución desde o 31-5-78 deica o 31-12-78. Si por disposición de carácter xeneral se impuxese un sistema de revisión salarial, haberá que se atér a elo.
3. Decorrido o prazo da súa vixencia, si non fose denunciado en prazo e forma legáis, consideraráse tácitamente prorrogado por períodos anuais, nos termos previstos na Lexislación Vixente.

COMISION NEGOCIADORA DEL CONVENIO COLECTIVO  
"GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S. A."

Presidente: D. Fernando Ilarri Junquera

Representación de la Empresa:

D. Ricardo Ibáñez Ballano  
D. Angel Garcés Migueláñez  
D. Juan Ignacio Gallo Martos  
D. Santiago González Barreiro  
D. Carlos Gesteiro Salgueiro  
D. Arturo del Valle Sánchez

Representación de los trabajadores:

D. Manuel Gil Parra  
D. Julio Villot Cameselle  
D. J. Carlos Pérez Berea  
D. Julio Montero Alvarez  
D. Ramiro Núñez Vila  
D. José Lago Carrera  
D. Ramón Costas Carrera  
D.<sup>a</sup> Margarita Rodríguez Montes  
D.<sup>a</sup> Pilar Casas Mirón  
D.<sup>a</sup> Josefa Gómez Francés  
D.<sup>a</sup> Rosa M.<sup>a</sup> Caride Troitiño  
D.<sup>a</sup> Esther Bouzas Vidal  
D. Antonio Rodríguez Estévez  
D. Alberto Reyes López  
D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Jesús Gesteiro Soto  
D. Ignacio Fandiño Fontán  
D. Manuel Pestonit  
D. Antonio Villar



Secretaria:

D.<sup>a</sup> Carolina Fernández Novaz

(Fonte: Xulio Montero Álvarez)




- ANEXO Nº 8: I Congreso da CSG. Estatutos.



(Fonte: Fundación Moncho Reboiras)

- ANEXO Nº 9: Congreso de unificación da INTG e a CSG.



(Fonte: Fundación Moncho Reboiras)

- ANEXO Nº 10: asemblea de traballadores nunha igrexa



(Fonte: GÓMEZ ALÉN, J.; SANTIDRIÁN ARIAS, V.; *Historia de comisión obreiras de Galicia nos seus documentos*, Edicios do Castro, A Coruña, 1996)